

andaina



EDITORIAL

As sociedades humanas construímoslas as persoas segundo épocas, modas, necesidades, aprendizaxes.

A atribución, sempre interesada, á orixe divina do emperador, do rei e da raíña, do matrimonio, da familia, do dereito ou dunha patria cunha misión calquera, segue sendo usada a conveniencia daquelas persoas ou grupos que así non teñen que argumentar nada. Se deus mesmo se ocupou de crear o matrimonio entre home e muller non hai máis nada que falar. De igual xeito que se o rei ten orixe divina a diferenza do resto dos mortais, quen se atrevería a disputar a deus a súa sabedoría, omnipotencia e primacía?

Porén... ese argumento é falaz e só pretende manter sectores da humanidade a merced daqueles que din que isto ou aquilo é de orixe divina e ademais se ven forzados a dicir, seguidamente que deus verdadeiro so hai un e é aquel que o falador di.

As sociedades humanas teñen ido arrancando *das mans de deus* o xeito de construír as súas relacións deixando a deus ocupado cos seus asuntos.

As cúpulas da Igrexa católica, ao ver perder o seu poder sobre as almas e as consciencias, arremeten con vigor contra o poder civil e dedícanse a usar os púlpitos para as súas soflamas e arengas, para os seus chamamentos a unhas determinadas participacións electorais. Pensarán que estas están directamente inspiradas por deus que os asiste á

marxe da súa vontade e que o seu non ten que ver, ao igual que o resto dos humanos, coa ideoloxía, co poder, cos costumes, cos privilexios e coa confusión nefasta entre o poder civil e o poder relixioso (que tanto critican noutras relixións).

O seu deus creou unha familia, a tradicional, a que eles levan anos defendendo, promovendo e asistindo na elaboración de leis, as que a eles lles conveñen.

Unha familia na que as mulleres levan *a parte dura* do que hai que facer para mantela: traballos domésticos, atención a crianzas,

maiores, enfermos e enfermas, aparte de ser o colchón das tensións sociais.

Pero a eles, aos bispos, que as mulleres queimen a súa vida así parécelles do mellor porque deus, o seu deus, lles revelou que a muller veu ao mundo para isto: para parir con dor, para coidar da prole, para atender as necesidades dos maridos e outros membros das familias, pois é o único xeito que teñen as mulleres de saír do mal, xa que elas son o demo, o mal feito carne, a tentación e o pecado, como acredita o catolicismo por aquí e por alí.

Non teñen ningunha autoridade moral para dicirnos cómo debemos construír as nosas familias.



Tamén o seu deus lles dixo que cando os homes tiñan desexos sexuais e elas non, o seu deber era o *débito* conxugal e se eles se enfurecían, pegaban e insultaban... pois así é a vida e a aguantar toca. De igual xeito, tantos pais abusando dos seus fillos, pegándolles, insultándoos e mesmo imponéndolles sexo...

Onde estaban os bispos católicos, a amplísima maioría dos bispos católicos, en todas estas cuestións que atinxen ás familias?

Eles, cos do OPUS e os LEGIONARIOS DE CRISTO, que sigan fa-

cendo as súas familias no fundamentalismo relixioso de raíz católica, manipulando seres coitados que desde a súa inxenuidade e ignorancia falan ao ditado dos predicadores dicindo, por exemplo cousas así:

«Eliminar a familia é derrubar toda a sociedade», «Hai que defender a unión que creou deus, a formada por home e muller, xa que se está obrigando ao contrario»; «...desvirtúase o espírito familiar e pérdese a esencia tradicional da familia»; ou a explicación daqueloutra muller aos

seus fillos do que era a homosexualidade como «algo antinatural e da que hai dous tipos, un que se debe a unha enfermidade e outro, a dos que se deixan levar polo vicio e pracer».

E qué dicir de cómo o bispo de Granada explicou aos seus fregueses a necesidade de ir a Madrid a manifestarse contra «ese **inicuo** e burlón proxecto de lei que discrimina os matrimonios verdadeiros [...] e será fonte de destrución e sufrimentos sen fin na sociedade española».

Estas persoas están anguriadas porque pensan (pensarán esto realmente?) que cando se aprobe a lei, o Goberno obrigará a todos os matrimonios a abandonar os seus maridos e mulleres e a se xuntar e casar con persoas do mesmo sexo, que para iso se aproba a lei e non para que cada un case con quen queira.

Sería de agradecer que deus viñese dar unha volta por estes páramos e ensinase o abc. ☞

Naceu Irene que veu alegrar a Ana, cofundadora de «Andaina» e membro resistente e existente desta revista desde os seus comezos. É a primeira neta e dámoslle a benvinda. Nosoutras, fadas-madriñas, decidimos outorgarlle os dons da vitalidade, da enerxía, da saúde, que goce da calor e do amor dos seus achegados e que chegue a disfrutar da lectura de «Andaina» e a escribir nela.



andaina 41

SUMARIO

- 2 Editorial
- 5 Denuncias e comentarios
- 11 Configuración do novo Parlamento Galego segundo composición por sexos
- 14 Carta da Plataforma Social de Apoio ás Mulleres Presas
- 16 Un longo percorrido
Asemblea de Mulleres de Pontevedra
- 18 A interpretación publicitaria dos novos roles familiares
- 22 Experiencias sindicais:
The Rode Draad - O Fío Vermello
- [Entrevista] 27 Maha Nassar
- 32 Custodia compartida
- 36 Custodia conxunta, unha realidade emerxente
- 40 Concha Méndez (1898-1986). Poeta e Impresora
- [Libros] 46 Xoias literarias
- 47 O moito que queda por facer
«Radicais libres: Experiencias gays e lésbicas na arte peninsular»
- [Libros] 48 A bonequiña de papá
- 50 Hai que botalos
- [Libros] 52 Corda de presas

Revista Galega de
Pensamento Feminista

Verán, 2005

Apdo. 1058
Santiago de Compostela

www.andainamulleres.org
andaina@andainamulleres.org

CONSELLO DE REDACCIÓN

Ana Arellano, Nanina Santos,
Berta Rey, Milagros Becerra,
Felicía Estévez, Laura Gómez e
Ana Luisa Bouza

COLABORAN NESTE NÚMERO

Sandra Martínez Costa
Sietske Altink
Laura Gómez Lorenzo
Isabel Castillo González
Teresa Junco López
Raquel Barreiro Paz
Amalia Pereira
Patricia Arias Chachero
Zélia García
Nanina Santos

DESEÑO GRÁFICO
CEBRA

IMPRIME
Grafisant, S. L.
D.L.: C-1.146-88

Andaina non se identifica necesariamente
coas opinións dos artigos que aparecen
nesta revista

IN MEMORIAM DA PEQUENA NATALIA

In Memoriam da pequena Natalia, de 3 anos, morta a golpes e desgarros vaxinais en Narón. Arrepiante. Horrisono.

Paola Andrea, de 27 anos, a súa nai, e Iván Naveiras, de 24 anos, compañeiro de Paola, están detidos.

Andrés Gómez, o presidente do clube Narón balompé Piñeiro, onde é xogador Iván, non o pode crer porque «Iván é una persoa que non bebe, deportista, sen vicios».

E xa se sabe... este tipo de atrocidades fanas persoas as que xa se lles nota: pola cara, no vestir, polo beber, nos vicios. ☞



CELEBRÉMOLO!

A derogación das infaustas leis de Obediencia Devida e Punto Final en Arxentina (leis do perdón) rematan, por fin!, coa impunidade da que viñeron gozando centenaes de torturadores e dirixentes da ditadura militar que asasinaron, torturaron –violacións incluídas– e fixeron desaparecer centos, miles de seres humanos e mesmo roubaron crianzas destas persoas facéndoas pasar por fillos e fillas propias no período de 1976 a 1983.

É preciso recordar e esclarecer, di Consuelo Castaño, unha galega de Lousame (A Coruña) afincada en Arxentina, mestra de profesión e loitadora (secuestrada e torturada por catro meses) que segue pensando que a loita pola xustiza é un valor e fai falta lembrar o sucedido para que non volva co mesmo ou con outro rostro.

Lembrar que en Arxentina houbo un plano sistemático de destrución dunha sociedade que tiña uns valores moi importantes.

Consuelo Castaño, que é presidenta da Comisión de desaparecidos españois en Arxentina, quere tamén que o seu marido, Regino Adolfo González, deixe de chamarse «desaparecido», para integrar a lista de asasinados e poder ir coas súas fillas levar flores á súa tumba. ☞



MARUJA MALLO

Maruja Mallo é unha entre dez artistas presentes na exposición «Diáspora, 10 artistas galegos no exilio latinoamericano (1930-1970)» que podemos ver en MARCO, Vigo, até o 11 de setembro.

O pasado ano 2004 publicouse unha biografía da pintora viveirense, José Luis Ferrís: *Maruja Mallo: La gran transgresora del 27*, Temas de hoy (Col. Biografías). ☞

SUTÍS ARMAS DE MULLER

«Se a muller se deixa protexer, o home non se enteira de que manda ela», Paloma Gómez Borrero *dixit*. Filosofía prometedora que predica o mando repartido: el, cre que manda el; ela sabe que manda ela, en liña co avance da liberación da muller, que polo contrario ao que pensabamos non consiste en que mulleres e homes nos escoitemos e tratemos como pares, senón do uso sabio e sempre estraño das *sutis armas de muller*. ☞


MORRERON 28.482 PERSOAS

MORRERON 20.692 PERSOAS MORRERON 28.482 PERSOAS

Galiza... este vello país avellentado e revellido, dá o peor saldo demográfico (diferenza entre nacementos e defuncións) de España. No ano 2004 morreron 28.482 persoas (1245 menos que no 2003) e naceron 20.692 (255 máis que no 2003). Destes nacementos 1100 bebés son de nais chegadas de fóra (5,3% do total de partos).


O saldo migratorio dá, a cambio, 10.796 persoas máis (diferenza entre os que marcharon e os que chegaron).

A taxa de natalidade galega é de 7,6, un pouco máis alta que a asturiana, que con 6,91 resulta a máis baixa de todas. [6]



Crecedemento vexetativo de España

| | |
|----------------------|--------|
| Madrid | 28.444 |
| Andalucía | 25.699 |
| Cataluña | 18.735 |
| Comunidad Valenciana | 9.843 |
| Murcia | 7.879 |
| Canarias | 6.668 |
| Baleares | 3.023 |
| Navarra | 1.305 |
| País Vasco | 1.116 |
| Castilla - La Mancha | 981 |
| Cnula | 803 |
| Melilla | 710 |
| La Rioja | 272 |
| Extremadura | -217 |
| Cantabria | -339 |
| Aragón | -1.610 |
| Asturias | -6.164 |
| Castilla y León | -6.996 |
| Galicia | -7.792 |



MÚSICOS VENEZOLANOS ENGANADOS

Oito músicos venezolanos viñeron enganados desde o seu país a Galicia para tocar nunha nova orquestra gañando 8000 4 pola tempada. Incluía, naturalmente, regularizar a súa situación e cobertura social.

Típicos *sen papeis*, e aproveitando tal circunstancia, Perfecto Arca, representante de espectáculos galegos e organizador da agrupación Israel de Vilagarcía, tiñaos ensaiando ata 15 horas ao día, pagándolles 300 4 dos que descontaba 100 polo aluguer do piso e mesmo outros 100 se chegaban tarde aos ensaios.

Por un accidente laboral (caída dun escenario) dun deles, Arca prohibiulle dicir no hospital que traballaba para el e, por suposto, tivo que pagar o arranxo da trompeta.

Finalmente os músicos acudiron a Asociación de Venezolanos creada en Galicia e con Manuel Osorio, o seu presidente, acabaron poñendo unha denuncia na comisaría de policía por estafa. [6]



IGUALDADE PARA AS REMEIRAS



As deportistas do clube MECOS de O Grove levan denunciando diversas discriminacións que practican as federacións.

Están cheas de entrenar tanto –ou máis– cós varóns e á hora de competir non ter a metade de recoñecemento.

Celebraron un congreso «A igualdade da muller no deporte» en O Grove e fixeron un manifesto pedindo a igualdade para as remeiras. Queren competir en traíñas (as de 14 e as pequenas de 6 prazas) e non só en bateis (de 5 prazas). [6]



Os horrores de Abu-Ghraib, aquel cárcere iraquí do que puidemos ver –non só imaxinar– fotos do terríbel desa capacidade dos humanos para

humillar, torturar, vencer, matar, eliminar a dignidade humana. Alí, naquelas fotos, tamén puidemos comprobar como as Mulleres soldadas USA participaban *en igualdade* cos seus compañeiros soldados nas torturas e humillacións.

England, recibe agora o apoio do xuíz James Pohl quen afirmou que a soldada de 22 anos non era consciente naquel momento de que as súas accións eran ilegais.

Non dá igual que England sexa declarada non-culpábel.

Non dá igual que non estea acusado directamente ningún alto cargo militar.

Non dá igual e debemos lembrar Abu-Ghraib (grazas, Fernando Botero, por esas pinturas que agora se expoñen en Roma: «Cadros do horror», unha serie sobre as torturas no cárcere iraquí) e Guantánamo e Afganistán e... 6



A Festa da Palabra dedica o seu número 19 como monográfico a O Rrompién, é dicir, ao conxunto da etnia xitana espallada polo mundo, dado o seu carácter nómada. A orixe cultural, a lingua –o romaní ou romanó–, a música, a evolución social, o asociacionismo feminino na década dos noventa, e a situación actual da etnia xitana na Galiza son os temas tratados. Contaron para este monográfico coa colaboración da Fundación del Secretariado General Gitano. 6

«LA VOZ DE LA ESCUELA»

Reparen vostedes nos calendarios mensuais de «La Voz de la Escuela», os mércores en *La Voz de Galicia* e verán que nunca, endexamais (algunha vez igual se colou algunha) aparecen eventos protagonizados por señoras, mozas, nenas.

Os aconteces merecentes de cariz feminino non existen para a xente que elabora, pensa e realiza esta sección. De mulleres, nada.

Non lles parece a vostedes un pouco demasiado forte? 6



Ás mulleres de Sri Lanka que van a acelerados cursiños de formación para servir en Oriente Próximo... díselles que agarden ser maltratadas polos seus empregadores. Isto si que é preparación para a vida! 6

Marjane Satrapi, a estupenda debuxante iraniana de cómics (Persépolis, 4 tomos) que desde 1994 vive en Francia, participa cun mural na colectiva «Occidente visto desde Oriente», do Centre de Cultura Contemporània de Barcelona (miniaturas islámicas, fotografías e diversas obras de artistas deste tempo.

Creadora lúcida, escribe, debuxa...; fala dos preconceitos que temos os occidentais sobre Oriente, sobre os musulmáns. Comenta na entrevista de Jordi Soler publicada en *El País Semanal* (a final de maio de 2005) o descoñecemento que temos sobre eles, que asociamos con catro tópicos e lugares comúns.

«Hai unhas semanas morreu o papa, e aínda cando Europa presume de secularización, as bandeiras puxéronse a media hasta, aducindo que se trataba dun xefe de estado; porén resulta que na mesma semana morreu o príncipe Rainiero de Mónaco e non houbo ningunha bandeira a media hasta para el. E non teño nada en contra, pero a realidade é que hoxe secularización é igual a cristianismo, es secular e podes poñer a bandeira a media hasta e ir chorar polo papa; pero se es xudeu ou musulmán e se che nota un pouquiño, de contado calificante de relixioso e iso non é divertido. Todo este follón en Francia fixérono por 700 nenas que levan veo, iso é todo, e armaron un follón todo o ano por 700 nenas; dá a impresión de que en realidade o que pasa é que lle teñen medo ao islamismo e cada vez que o Goberno francés quere falar cos musulmáns, fala cun Imán, como se todos estivesemos representados por el, sen pensar que somos moitos musulmáns seculares. Se es un futbolista árabe moi bo e o teu nome é Zinedine Zidane, es francés; porén se es un ladrón, árabe de terceira xeración en Francia, entón din que es un ladrón de orixe árabe. Cando es un ladrón es árabe e cando es un crack do fútbol, es francés. Que significa isto? Non podemos seguir falando de Occidente e de Oriente. Que é iso? A Terra é redonda, e ti sempre estás no oriente de algo. 6



MARJANE SATRAPI

RIP

PARA AQUILINO POLAINO

Foi unha grande sorte que o PP decidise levar este señor como experto ao Senado para falar dos fillos dos homosexuais, dos pais dos homosexuais, dos homosexuais mesmos e das súas vodas. Unha gran sorte, digo, porque se montou a algarabía.

Que este señor pense todo o que dixo e fixeron público todos os medios de comunicación, está na súa particular liberdade de pensamento.

Que o diga como experto é algo moi distinto, facéndoo, ademais, no Senado.


Que pretenda —el e outros— avalialo como estudo e de rigor científico sobrepasa o permitido.

Que o PP o leve ao Senado a decilo, é o colmo.

Pasouse o PP e tivo que dar atrás co típico *onde dixen digo, digo Diego*. Enganáronse ao pensar que a sociedade española está nestas cousas con Aquilino, cos bispos, co foro da familia.

A sociedade española ten cambiado moito e é unha sociedade aberta e plural.

As maridaxes Opus-Lexionarios-bispos e outros máis son estertores de tempos pasados de infausta lembranza. 6



O nunca visto: os bispos españois están fonda- mente inquedaos porque as vodas gais superan todo o vivido pola Igrexa católica en 2000 anos (*sic*)

As catacumbas de Nerón, a Revolución francesa, a perda dos Estados Pontificios... pouca cousa ao lado do excepcional momento que vive o catolicismo español a causa da legalización dos matrimonios entre homosexuais.

Excepcional si, moi por riba de:

- ▶ calquera dos episodios da Inquisición que extendeu os seus tentáculos por séculos e mesmo condenou á fogueira a moitísimos homosexuais;
- ▶ a expulsión de xudeus e musulmáns;
- ▶ o apoio incondicional e a activa participación da xerarquía do catolicismo español no levantamento militar do xeneral Franco en 1936 contribuíndo a unha guerra civil na que morreron centos e miles de persoas e os corenta anos de ditadura que lle sucederon;

O nunca visto ♂♂ ♀♀

▶ o silencio cómplice gardado pola xerarquía católica na tortura e asasinatos de homosexuais polo réxime nazi (por deixar agora a comunistas, socialistas, xudeus, xitanos e outros non afectos ao nazismo);

▶ a campaña en contra da abolición da lei que prohibía os matrimonios entre negros e brancos en Mississippi (lembramos o Ku-Klux-Klan),

▶ ou a participación no réxime de *apartheid* en Sudáfrica, por non continuar facendo listado.

Nada peor, desde logo, que a súa incapacidade para ocuparse só dos seus asuntos.

Pasa que perden poder, por iso están frenéticos e desenfreados desde que a sociedade, de vez en vez máis secularizada, non lles concede o poder de antano, nen tampouco as leis que lles outorgaron desde 1940 prebendas, canonxías, privilexios e beneficios sen tasa. 6



CÁRCERE DE HUELVA

Quede esta placa como reparación da sociedade democrática a unha inxustiza histórica en lembranza de homosexuais que foron encarcerados e como compromiso de que ningunha outra xeración terá que pasar por nada semellante».

Na parede xunto á porta do vello cárcere de Huelva, o domingo 19 de xuño, Mercedes Gallizo, directora xeral de Institucións Penitenciarias, descubriu unha cartela que dicía así:

«Para unha xeración de españois, este establecemento penitenciario foi símbolo de castigo e exclusión social para quen decidiu exercer a súa liberdade e desenvolver unha orientación afectiva diferente.

No acto, promovido pola Asociación de Presos Sociais, lembráronse as leis de Perigosidade Social e a de Vagos e Maleantes que permitiron o encerramento e tratamento re-educativo de homosexuais, como recordaron Trinidad Martín, transexual ingresado neste cárcere en 1973 ou Antonio Gutiérrez quen dixo «As feridas non cicatrizan nunca. Estas cousas crávanse no corazón para sempre...».

Daquelas, tamén algúns psiquiatras se especializaron na recuperación de homosexuais con electrochoques incluídos, como ben conta Fernando Olmeda no libro *El látigo y la pluma*. 6

A explotación e o abuso céntranse na inmigración. En España, ao igual que no primeiro mundo, danse na prostitución, no servizo doméstico e no campo. Por traballo forzoso, a escravitude actual, din os responsabeis da Organización Internacional do Traballo, enténdese todo servizo involuntario realizado sob ameaza dunha sanción que pode encerrar desde a violencia física a sutís formas de chantaxe. 6



A Área de Igualdade de Xénero da Deputación Provincial da Coruña convocou para este ano 2005 a 3ª edición do Premio Concepción Arenal dirixido a promover estudos ou traballos de investigación no campo das políticas de igualdade de xénero, tanto relacionados coa provincia da Coruña como de carácter xeral. O premio é único e consiste nunha dotación de 7500 € e a

posibilidade de publicación do traballo premiado. O prazo de presentación remata o 31 de agosto. 6



Prioridades políticas *versus* sufrimiento humano

O mapa das prioridades políticas a nivel internacional cada vez está máis lonxe do mapa do sufrimento humano. E canta máis atención reciben os escenarios da guerra contra o terrorismo, máis crises humanas quedan no esquecemento. Este é o balance que fixo Médicos sen Fronteiras do ano 2004 ao presentar a súa memoria de actividades a principios de marzo. 6

Carlos Varela, fiscal xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza espuxo nunha xunta do Consello Municipal de Educación de Santiago, presidido pola concelleira Elvira Cienfuegos, a experiencia das medidas re-socializadoras e re-educadoras de menores que delinquen e a xustiza xuvenil da provincia de A Coruña. Nesta Lei do menor o fiscal sinalou o réxime destas prestacións ás que agora vén sumarse o Concello de Santiago:

- ▶ Deben ser de interese social ou facerse a favor de persoas necesitadas.
- ▶ Estar en relación coa natureza do dano causado polo menor.
- ▶ Non poden atentar contra a súa dignidade nin estar suxeitas a conseguir logros económicos.
- ▶ A xornada que se lle asigne non pode pasar de 4 horas para os menores de 16 anos nin de 8 horas se teñen entre 16-18 anos. A experiencia deste fiscal é que os menores sempre participan activamente nas tarefas que se lles encomendan, implicanse nelas, aprenden a pórse no lugar do outro, non lles supón estigmatización e teñen oportunidade de coñecer outras persoas con distintos niveis de socialización. No ano 2004 aplicouse esta lei a 2075 xoves da provincia (858 de 14-15 anos e .217 entre 16 -17 anos) e dos 375 xuízos habidos, 364 foron sentenzas condenatorias. 6

No 2004 solicitáronse 1492 ordes de alonxamento en Galicia e foron concedidas 1166 (o 78% das solicitadas), dixo Palmou, Conselleiro de Xustiza, na inauguración das Xornadas celebradas en maio do 2005 na Facultade de Dereito sobre a situación da muller diante dos recentes cambios legislativos.

Corenta e cinco xulgados de Galiza entenderán, en cumprimento da lei 1/2004, da instrución das causas criminais por violencia de xénero e adopción das ordes de protección de vítimas así como a celebración de xuízos civís de familia nos casos que medie denuncia por este tipo de violencia. 6



Configuración do novo

Parlamento Galego

segundo composición por sexos

| | A Coruña | | Lugo | | Ourense | | Pontevedra | | TOTAL | |
|-------|----------|---------------|------|-------------|---------|-------------|------------|------------|-------|---------------|
| PP | 11 | 9 ♂ | | 5 ♂ | | 6 ♂ | | 8 ♂ | | 28 ♂ = 75.6% |
| | | 2 ♀ = 18.1% | 8 | 3 ♀ = 37.5% | 8 | 2 ♀ = 25% | 10 | 2 ♀ = 20% | 37 | 9 ♀ = 24% |
| PSOE | 8 | 5 ♂ | | 3 ♂ | | 2 ♂ | | 5 ♂ | | 15 ♂ = 60% |
| | | 3 ♀ = 37.5% | 5 | 2 ♀ = 40% | 4 | 2 ♀ = 50% | 8 | 3 ♀ = 37% | 25 | 10 ♀ = 40 % |
| BNG | 5 | 3 ♂ | | 1 ♂ | | 1 ♂ | | 2 ♂ | | 7 ♂ = 53.85% |
| | | 2 ♀ = 70.8% | 2 | 1 ♀ = 50% | 2 | 1 ♀ = 50% | 4 | 2 ♀ = 50% | 13 | 6 ♀ = 46.15% |
| TOTAL | 24 | 17 ♂ = 70.83% | | 9 ♂ = 60% | | 9 ♂ = 64.3% | | 15 ♂ = 64% | | 50 ♂ = 66.66% |
| | | 7 ♀ = 29.16% | 15 | 6 ♀ = 40% | 14 | 5 ♀ = 35.7% | 22 | 7 ♀ = 36% | 75 | 25 ♀ = 33.3% |

Aspectos salientables:

► A aportación do BNG, por primeira vez, conta cunha presenza moi importante de mulleres (46,15% do total), co 50% en Lugo e Ourense, grazas ás listas cremalleira.


► Unha presenza medianamente boa do PSOE: 40% en Lugo, 50% en Ourense e 37% en Pontevedra e na Coruña.

► Unha escandalosa baixa presenza de mulleres no PP, 24%: 18,1% na Coruña, 20% en Pontevedra, 25% en Ourense e só medianamente aceptábel en Lugo co 37,5%

Será a primeira vez que tantas mulleres, 25, estean no Pazo do Hórreo.

Veremos agora que fan e como o fan. Se a súa presenza real e simbólica se corresponde co número e se aquelas persoas que sustentan que as mulleres *son mellores* poden validar as súas teses.

No Parlamento Vasco, grazas á Lei de Igualdade, as mulleres son maioría, 40 mulleres e 35 homes.

Algo, desde logo está cambiando, se miramos atrás a distancia é de abismo. 

CONTROS GALEGOS
MINISTAS LESBIANAS

LESBIANAS ...
¿POR QUÉ NON

Santiago 28 e

LIBERACIÓN
GAI
E LESBIANA
SEXUALIDADE
LIVRE:
NEN NORMAS
NEN PRECEITOS

CONCENTRACIÓN
28 DE XUÑO
TARDE
TOTAL

Unha celebración histórica

Moitos anos reclamando dereitos, esixindo liberdades, denunciando discriminación e acosos, creando conciencia a través de escritos, charlas, cartaces, xornadas, manifestacións. Moitos anos de silencio, sufrimento, clandestinidade e moitos anos tamén de ledicias e disfrutes.

Por fin este 2005 puidemos saír á rúa para celebrar a lei sobre matrimonios e adopción que aprobou o valente Goberno Zapatero, con total equiparación de dereitos, pasando a formar parte así, con Canadá e Holanda, dos países coa lexislación máis avanzada ao respecto. ☑

28 DE XUÑO

LESBIANAS

...EN TODAS



TAMÉN A

MOVIMENTO FEMINISTA

DIA
DE LIBERACIÓN
DE LESBIANAS

28 de xuño, día do Orgullo Lésb

Asociación Galega da Muller

DE LESBIANAS

QUE
DIGAN
OS DE MAIS
TATE DE MAIS



AS?
PARTES
AQUÍ
GALEGO

PARA EDUCAR CON ORGULLO
ESCOLA LAICA XA
CONFEDERACIÓN DE SINDICATOS DE TRABALHADORAS DE LA PREVENCIÓN
SINDICATO DE TRABALHADORAS REGULADORAS DE TRABAJO E SALUD

AGORA, IGUAIS EN DEREITOS...
Orgullo LGBT 2005

ico, Gay, Bisexual e Transexual:

Carta da Plataforma Social de Apoio

ás Mulleres Presas

(Presoen Aldeko Elkarte)

Hai varios meses que algunhas presas e familiares delas, internadas no módulo II de mulleres do cárcere de Langraitz en Nanclares de la Oca, viñéronnos comentando as numerosas irregularidades que un funcionario concreto viña cometendo coas reclusas. Irregularidades que irían desde a extorsión e a chantaxe á agresión sexual, segundo os casos, e que virían producíndose desde hai tempo (máis de un ano). Contábannos como obter un permiso, un terceiro grao ou unha visita, era algo que se facía «doado ou imposible» segundo accedesen ou non aos requerimentos

sexuais do funcionario en cuestión, quen, ademais, tería acosado as que o rexeitaban, e coaccionado e ameazado as presas que intentaban denuncialo. Pero ningunha quería denunciar os feitos atemorizadas polo funcionario que estaba atentando contra a súa liberdade sexual. Este ocupaba un cargo importante dentro da dirección do centro.

Non sabemos desde cando se vén producindo esta situación, o que si sabemos é que unha das mulleres afectadas decidiu denunciar os feitos o pasado mes de marzo ante o Xulgado de Vixilancia Penitenciaria e que a súa denuncia es-

tá agora sendo instruída nun Xulgado de Vitoria (Gasteiz). A raíz desta denuncia, unha segunda presa denunciou feitos semellantes e desde a asociación Salhaketa iniciouse á vez unha campaña de denuncia tanto xudicial como social destes feitos. Dous meses despois de iniciada esta campaña a nosa denuncia consta no Xulgado de Instrución número tres de Vitoria-Gasteiz, instrución á que pedimos se incorpore o informe elaborado polos servizos de inspección da Dirección Xeral de Prisións. Ademais pedimos que a DXIP compareza publicamente para informar sobre o

da asociación Salhaketa




Non máis abusos a mulleres presas

seu contido así como sobre as medidas adoptadas unha vez realizadas as inspeccións.

Porque o que si sabemos son as presións recibidas polas presas denunciadas nas últimas semanas: denegación de permisos aos que tiñan dereito, cacheos extraordinarios, ataques contra a súa credibilidade, dificultades nas visitas, etc. Estas medidas tiñan a finalidade de represión de quen xa denunciou e disuasión ás que puidesen facelo, porque moito nos tememos que poidan ser máis as presas afectadas por estes abusos, e para todas elas pedimos:

- ▶ Fin das presións ás presas que denunciaron os feitos.
- ▶ Inmediata suspensión cautelar do seu posto para o presunto autor dos feitos que se denuncian co fin de evitar coaccións ás mulleres presas.
- ▶ Unha excarceración preventiva que as permita denunciar en liberdade todos os posibles abusos que puidesen ter sufrido.
- ▶ Igualmente para aquelas mulleres presas nas que se demostre calquera tipo de abuso, pediremos o indulto inmediato, como primeira compensación aos danos sufridos,

con independencia das outras reparacións tanto morais como materiais ás que tivesen dereito.

Finalmente queremos manifestar a nosa convicción de que estes feitos son un expoñente máis da ineficacia do cárcere na loita contra o delito e da incompatibilidade desta institución con respecto aos dereitos fundamentais que haberían de garantir como é neste caso o dereito á liberdade sexual. 



Érase unha vez un reducido grupo de mulleres que con grande tenacidade e convición iniciaron a súa andaina pola Historia, porque para facer historia non se necesitan grandes nomes nin grandes fazañas, tan só fai falta unha formulación, un plano, cuestionarse... unha realidade que pode parecer escura, malintencionada ou mal proposta.

Esta é a historia deste grupo de mulleres representativo dunha época e dunha filosofía da vida e dun funcionamento do mundo diferente do vixente que alá a mediados dos setenta e nunha pequena cidade galega decidiron, unhas obedecendo quizais *suxestións* de partido, outras o seu propio criterio e, por que non? emocións, unirse, para comezar, desenvolver e nunca acabar unha labouira común que cos seus altibaixos, acertos e desacertos foron modelando «a realidade dunha obra perdurábel».

Pintadas, murais, exposicións, pegadas, manis, comunicados, charlas-coloquio, ciclos de cine, discusións, tensións, multas e prohibicións... configuran o contido e a actividade de todas elas, que non sen dificultades e moitas veces con grandes doses de humor chegaron ata hoxe pulando unha loita que ata hai poucos anos semellaba durmida, relegada por loitas políticas concretas.

Pouco a pouco novas xeracións de mulleres fóronse engadindo ao tempo que outras foron abandonando. Mulleres con distinto grao de conciencia pero si cun mesmo plano de resistencia aos avatares da propia historia de España.

A Constitución foi engadindo dereitos que antes eran difíciles ou imposíbeis de acadar pero que, sen embargo, quedou curta ao lado do baleiro e dos silenzos de centenas de anos, por iso estas mulleres viron a necesidade de novas propostas, indo máis alá de temas puntuais, abordando cuestións máis existenciais-filosóficas e non por iso ailladas da nosa vida cotiá, da procura da propia identidade, desa autovaloración necesaria para o encontro con nós mesmas. Un empeño que aínda dura.

Un longo

A Asemblea de Mulleres de Pontevedra

A Asemblea de Mulleres de Pontevedra cumprimos 25 anos, un cuarto de século. Ante este feito parecíanos importante e necesario celebralo, non só internamente senón intentando facer partícipe a toda Pontevedra.

Internamente serviunos para saber de onde vimos, para coñecer as militantes históricas que, aínda que seguen no feminismo, había anos que non tiñan unha participación activa na Asemblea e que elas nos coñecesen a nós, e para comezar unha laboura organizativa que había tempo que tiñamos abandonada. Deste traballo interno será do que a asociación se vai beneficiar máis, sendo ademais un traballo que resultou moi gratificante e satisfactorio para todas nós.

Externamente tivemos unha presenza continua nos medios de comunicación locais e comarcais volviendo a ser referente histórica e actual do feminismo en Pontevedra. Isto reflectiuse nun bo nivel de asistencia aos actos programados, especialmente á cea cunha asistencia de 162 mulleres e despois á festa con actuación e entrada mixta.

Ademais destas actividades lúdico-festivas organizamos dúas charlas, unha sobre a historia do feminismo e outra de debate sobre a actualidade do movemento, porque pensamos que as organizacións temos que facer un labor constante de reflexión sobre as teorías e formulacións que defendemos, porque senón podemos anclarnos en posturas inmovilistas. E consideramos que o conseguimos, creando abundante debate sobre temas que

nos incumben directamente ás mulleres e por extensión a toda a sociedade, e sobre os que temos que reflexionar e non lanzarnos a secundar mecanicamente as posturas do feminismo promocionado polos medios de comunicación que o mostran coma o único feminismo.

Simultaneamente e durante 15 días realizamos unha exposición sobre a historia da Asemblea de Mulleres de Pontevedra, os temas e as campañas que tratou ao longo destes 25 anos. Isto posibilitou a recuperación dunha historia colectiva, obrigounos a facer memoria e axudounos a entender como chegamos a onde estamos, a nosa evolución continua, sen crises nin ruptura pero en constante movemento.




ACTIVIDADES:

DÍA 5, ás 21.00 h. Inauguración da Exposición: 25 ANOS, que estivo aberta ata o día 13

DÍA 6, ás 21.30 h. Cea de Mulleres no Pazo da Cultura

ás 24.00 Festa-Cabaret no Starlux, coa actuación de Pepa e Davide: «Unha noite no muíño...»

DÍA 10, ás 20.30 h. Charla-coloquio: «Historia do movemento feminista»

DÍA 12, ás 20.30 h. Mesa redonda: «O feminismo hoxe» 

percorrido

A interpretación publicitaria dos Muller e

 SANDRA MARTÍNEZ COSTA¹

A importancia que a publicidade ten hoxe en día e os seus efectos é un dos temas máis discutidos e debatidos no entorno mediático actual. O alto índice de consumo que a televisión ten no noso país, onde é o principal medio de entretemento, fai que resulte importante coñecer cales son os elementos para filtrar e decodificar as mensaxes publicitarias.

Os cambios sociais que se veñen dando nos últimos anos no tocante aos roles e papeis da muller e, por extensión da organización familiar, vense reflectidos tamén no xeito de facer publicidade. Desde sempre, esta empregou estereotipos sociais como imaxes mentais

coas que simplificar a personalidade do individuo, proporcionándolle uns rasgos característicos que nos permiten identificalo nos vinte segundos que dura un anuncio, ou no impacto visual dunha imaxe fotográfica. A importancia do emprego destes estereotipos sociais reside en saber en que medida se axustan ou non á realidade.

A publicidade, mesmo a dirixida ao mundo infantil, recorre a técnicas que manexan a cor, o son, a imaxe, rimas fáciles e breves e un ritmo de cambio de planos que procuran convencer o potencial consumidor e facer que as súas mensaxes se convirtan en normas sociais e de conduta.

A principios dos noventa, a marca DANONE viu limitado o seu consumo de iogures á poboación infantil, xa que os adultos o consideraban un produto para nenos. Comezou entón unha campaña de captación de novos públicos, destinada agora aos adultos (aos pais e nais dos nenos, concretamente), aludindo as cualidades beneficiosas do mesmo. É evidente o cambio no consumo que isto supuxo.

¹ Sandra Martínez Costa é Doctoranda en Publicidade e Relacións Públicas na Universidade de Vigo

No ano 1988, PRENATAL lanzou unha campaña na que comezaba un novo papel de pai. Un home levaba o seu bebé nunha bolsa *canguro*. No seguinte anuncio era o pai o que lle daba o biberón ao seu fillo. Estes anuncios reflectiron de maneira clara un importante cambio social no seo da familia. Xa non é a nai a que se atopa na casa para coidar e amamentar o seu fillo, senón que se ten en conta o reparto igualitario das tarefas.

Pero o caso desta campaña é un exemplo mínimo dentro dunha publicidade na que a muller segue a ocupar o rol principal de nai e ama

de casa. Nun dos últimos anuncios emitidos por TV, unha muller *devolve* o seu home ao servizo técnico por non saber pór unha lavadora. Trátase dunha mostra da cada vez maior liberdade de elección da muller, ou dunha confirmación de que ela é a única capaz de facer correctamente os labores do fogar?

Nos últimos anuncios vense cada vez máis homes nas cocinas, desenvolvendo papeis antes femininos nos que demostran a súa torpeza (non deixan o chan ben limpo, non son quen de coidar correctamente o seu fillo, ou non teñen idea de cómo funcionan os electrodomésticos do fogar). Ten

Os cambios sociais que se veñen dando nos últimos anos no tocante aos roles e papeis da muller e, por extensión da organización familiar, vense reflectidos tamén no xeito de facer publicidade

novos roles familiares publicidade televisiva

Anuncio de Sweater House



que ser a muller a que chegue para amañar os desperfectos.

O modelo de muller que nos vende a publicidade de hoxe en día é o de unha persoa que traballa oito horas diarias e ao chegar a casa aínda ten tempo de facer as tarefas de limpeza e coidado dos fillos, disfrutar do tempo de lecer e estar perfectamente maqueada e vestida. A muller de hoxe en día debe de ser traballadora, sofisticada, aforradora, culta, intelixente e práctica... A publicidade obríganos a iso.

Mentres os homes son cada vez máis conscientes da importancia que a figura do pai ten na educación dos seus fillos, e de que o fei-

to da incorporación da nai ao mundo laboral fai necesario o reparto igualitario das tarefas do fogar. A publicidade, como reflector da realidade social que intenta chegar ao consumidor faise eco desta nova situación, razón pola que os *pais publicitarios* son cada vez máis pacientes, tenros e paternais, mentres que as mulleres son máis libres e competitivas no traballo. Son agora cada vez máis homes os que fan a compra no supermercado, van ás reunións familiares e cociñan na casa para as súas familias.

Igualmente, campañas publicitarias actuais, especialmente de produtos de *cociña rápida* nos están

amosando novos modelos familiares: parellas novas sen fillos e fillos emancipados que viven de forma independente ou con amigos, así como pisos de estudantes nos que o reparto de tarefas se fai de xeito equitativo.

Mais non sempre os anuncios publicitarios reflecten este cambio social. Precisamente debido aos cambios na estrutura familiar, os nenos e nenas pasan agora máis horas sós nas casas que antes. Neses momentos emprégase a televisión como entretemento. A información que transmiten as mensaxes publicitarias que eles ven repercute non só no consumo se-

A publicidade, como reflector da realidade social que intenta chegar ao consumidor faise eco desta nova situación, razón pola que «os pais publicitarios» son cada vez máis pacientes, tenros e paternais [...]

Anuncio de StoraEnso



nón na aprendizaxe de condutas, actitudes e emocións, así como na creación de pautas de interacción social e na creación de estereotipos e roles sexuais.

Neste sentido, poucos cambios houbo no que a publicidade de produtos infantís se refire. Unha análise dos mesmos indícanos que as desigualdades sociais e de xénero comezan a forxarse aí. Nos anuncios, as nenas aparecen representadas como personaxes pasivas, coquetas e sen grandes habilidades, anunciando bonecas e accesorios, así coma produtos domésticos e de beleza. O neno ve potenciado o seu lado creativo e de desenvolvemento da motricidade, realizando actividades prácticas e competitivas e anunciando xoguetes máis variados en escenarios de natureza ou ao aire libre. Pola contra, as nenas adoitan aparecer no escenario do fogar onde a súa liberdade de movementos se ve reducida.



Anuncio de Gior

Nos últimos anos, as nenas inclúense máis noutros campos de acción, pero aos nenos séguenlles a estar vetadas as típicas accións femininas evitando así a transgresión dos roles tradicionais. Ademais elas adoitan estar acompañadas das súas nais nas súas actividades de lecer, mentres que os nenos o fan sos, ou con control paterno.

Curiosamente a maioría dos anuncios publicitarios está destinada a mulleres. Somos nós, aínda hoxe, as encargadas de facer a com-

pra e administrar os bens, tanto das mulleres como dos homes, dos nenos e das nenas. Seguimos a ser as compradoras dos produtos de alimentación, dos xoguetes infantís, dos produtos de hixiene masculina, así como as destinatarias dos anuncios de produtos considerados como *compra compulsiva*. Por iso nos anuncios estanse a recoñecer cada vez máis os seus desexos e fantasías, situacións que se reflicten, por exemplo, na maior aparición de varóns espidos.

Por todo iso, podemos dicir que estamos a comprobar que, no mundo publicitario, existen unha serie de cambios, moi lentos, nos novos roles sociais que aínda conviven cos estereotipos sexistas tradicionais creados en torno á muller. 6

PUBLICIDADE

Librería

Michelena

R. Michelena, 22
Tel: 85 87 46 Pontevedra

librería
couceiro

R. República de el Salvador, 9
Tel: 56 58 12 Santiago

CARTELES

Café

Rúa do Sol, 139-141
Tel: 35 31 66 Ferrol

Experiencias sindicais:

The Rode Draad - O Fío Vermello,

Asociación vencellada
ao sindicato holandés FNV

SIETSKE ALTINK¹

Esta ponencia foi presentada nas xornadas «Dereitos de cidadanía para Traballadoras e Traballadores do Sexo» celebradas en Madrid en maio deste ano e organizadas por Comisións Obreiras.


Quixera comezar lembrando que a prostitución non é unha actividade normal, porque para iso cumpriría que as e os traballadores o fixesen de forma voluntaria, que puidesen rexeitar tanto os clientes como a realización de determinados servizos que non queiran prestar. Tamén deberían ter o dereito a deixar o traballo cando quixesen. Soportar estas condicións pódese comparar co traballo dun ou dunha trapecista sen rede, exposto a un risco que pon en perigo a súa integridade persoal. Mais noutros aspectos non se pode comparar con calquera outro traballo: É UN TRABALLO ESTIGMATIZADO, e por iso é moi difícil organizar as e os traballadores.

¹ Sietske Altink é xornalista, escritora e investigadora. É autora de diferentes libros sobre a historia da prostitución e o tráfico de mulleres. Desde 1996 traballa para a Fundación Rode Draad - O Fío Vermello (organización irmá do colectivo Hetaira en Madrid), tamén coordina e coopera co FNV (organización sindical semellante a Comisións Obreiras) asesorando nas demandas laborais ás traballadoras do sexo.

Eses dereitos son liberdade para elixir os clientes, liberdade para traballar en diferentes sitios e establecer os prezos. E sobre todo a liberdade de non traballar baixo a autoridade dos propietarios [dos burdeis]



No ano 2000, cando cambiaron a Lei dos burdeis en Holanda, ou sexa, cando legalizaron os prostíbulo, as autoridades esqueceron esta estigmatización, ou quizais crían moi inxenuamente, que a estigmatización desaparecería nalgúns anos? Non se decataron desta estigmatización cando formularon os principais obxectivos da lei. Máis tarde vou explicar as consecuencias para a sindicalización das traballadoras do sexo. Agora permitídemme que evalúe brevemente os obxectivos do cambio da Lei do ano 2000 que se coñece como *a legalización dos burdeis* e coa que as e os traballadores do sexo obteñen –polo menos no papel– dereitos laborais, pero que levará varios anos facelos efectivos. Hai que ter en conta que antes do 2000 os propietarios de burdeis podían facer o que lles petase, agora –polo menos– unha traballadora do sexo pode esixir os seus dereitos ante un xuíz. Por desgraza iso apenas ocorre. A maioría dos propietarios fan calquera cousa para forzar que as mulleres se constituían como traballadoras autónomas. Iso está ben para as que o queren con tódalas liberdades que conleva. Eses dereitos son liberdade para elixir os clientes, liberdade para traballar en diferentes sitios e establecer os prezos. E sobre todo a liberdade de non traballar baixo a autoridade dos propietarios.



A legalización significa que poden
gañar diñeiro legal en lugar de diñeiro
oculto que teñen que gastar ou lavar
inmediatamente. Poden metelo
no banco e conseguir unha hipoteca

Mais, de novo, isto non ocorre na maioría dos burdeis, pois tampouco se teñen os beneficios do outro suposto sendo empregada, como o pago por baixa de enfermidade. Aínda así, agora os servizos sociais e a Inspección de Traballo están controlando os burdeis. Cando consideran que os propietarios exercen control sobre as mulleres que son traballadoras autónomas, imponlles un forte imposto. As mulleres non teñen que rexistrarse na policía pero si en Facenda. De todos xeitos, iso xa se facía antes da legalización. Teño que dicir que as mulleres o fan de mala gana pero algunhas están satisfeitas. E por suposto sempre haberá mulleres que fagan traballo submerxido, evitando os impostos e conseguindo os seus clientes en sitios opacos de Internet. Mais iso son os problemas de Facenda. A legalización significa que poden gañar diñeiro legal en lugar de diñeiro oculto que teñen que gastar ou lavar inmediatamente. Poden metelo no banco e conseguir unha hipoteca. É verdade que tivemos que ir aos tribunais para forzar os grandes bancos que aceptasen as traballadoras do sexo como clientas e gañamos.

Teño que dicir que lles leva tempo ás institucións oficiais acostumarse ás súas novas clientas. E agora as institucións sociais están avanzando na regulamentación das actividades xa que os propietarios de burdeis eran reacios a cambiar os seus sistemas de xestión e continuaban coa súa explotación. Esperamos que haxa algunha protesta pola súa parte, pero afortunadamente ao final os *maos* propietarios terán que pechar. De feito, desde a legalización, o número de burdeis diminuiu aínda máis có ano pasado. Se as cousas continúan así, a ironía será que a legalización porá fin á prostitución legal.

Pero, van as traballadoras en masa ao sindicato para facer valer os seus dereitos? Sinto dicilo: non o fan. Ter dereitos e tomarse a xustiza pola man non son as mesmas cousas. Por que non? Vou dar

os seus negocios se teñen que dar ás traballadoras os dereitos dos outros empregados. Por esta mesma razón non invocan a axuda da Inspección de Traballo cando o local non reúne as condicións hixiénicas

correr o risco da estigmatización do rexistro policial. Á policía holandesa non se lle permite anotar os datos persoais, pero o fan coa idea de previr tráfico de mulleres. Ás veces algunhas mulleres chá-

A idea de que todas as traballadoras de sexo son vítimas, no peor sentido de palabra, vítima no sentido psíquico, como os suecos queren facernos crer de tódalas traballadoras do sexo, impide a unión das traballadoras. É a meirande estigmatización do término vitimización

exemplos de dous tipos de dereitos: primeiro os dereitos laborais e a continuación os dereitos que resultan do dereito á integridade corporal, á integridade física e psíquica.

Hai varios dereitos que se deben efectuar a través de diversas institucións.

Algúns exemplos: cando as mulleres (falo de mulleres, pois a maioría das traballadoras do sexo son mulleres) son empregadas, non importa que os propietarios digan que son empresarias, cando son despedidas, teñen dereito a prestacións da Lei de Desemprego. Nos últimos cinco anos, só UNHA MULLER o fixo. E por que? Non é culpa da institución que ten que conceder esta prestación. É moi flexíbel e queren de verdade remediar a inxustiza que existe coas traballadoras do sexo. Mais as mulleres non se atreven a dirixirse a esta institución. Teñen medo de perder o seu anonimato, teñen medo de que todo o mundo saiba que son traballadoras do sexo. É a consecuencia da estigmatización. Outra causa é o poder dos donos das casas. As mulleres temen non poder conseguir outro traballo, sexa dentro ou sexa fóra da prostitución. Ademais non queren que as súas colegas perdan o seu posto, pois os propietarios sempre ameazan con pechar

adequadas ou cando os propietarios as forzan ao sexo oral sen protección. Tampouco as mulleres protestan cando os donos as forzan –de xeito sutil ou non– a tomar grandes cantidades de champán con clientes. Ás veces teñen que pagar multas cando non beben abondo. Este é un exemplo de infracción das leis laborais e ademais dos dereitos humanos, máis exactamente, dos dereitos de integridade física.

E estes son o tipo de dereitos aos que me referirei a continuación, que son moi difíciles de facer efectivos. Ningunha das mulleres con esas malas experiencias se dirixiu ao xuíz nos últimos cinco anos.

Repito, trátase dos dereitos que están vencellados cos dereitos humanos: o dereito á integridade corporal, física e psíquica.

Non todas as mulleres poden rexeitar clientes ou determinados servizos. Se se negan, expóñense á violencia do seu autónomo sexual, e, que poden facer? Ir á policía cada vez que hai coacción –sutil ou non– para aceptar clientes? A policía está preocupada demais controlándolles os papeis. E, que poden facer elas? Pedirlle protección á policía cando non confían nela? Ao mesmo tempo a policía contrólaas e –o que é peor– anotan os seus nomes e outros datos. Ir á policía supón

manos a nosoutras, mais non perseveran nas súas queixas.

Hai un gran grupo de mulleres –e ás veces homes– que sofren unha mestura de infraccións dos dereitos humanos e laborais, esta mestura que se chama tráfico de mulleres. Trátase da extorsión, explotación económica, chantaxe, ás veces violencia e privación de liberdade. Algunhas mulleres únense para un mellor tratamento por parte da policía, das autoridades e para facer oír a súa voz no debate sobre o tráfico de mulleres. Algunhas delas manteñen unha actividade con nós. Non todas, pois entre elas hai mulleres que teñen tras de si experiencias traumáticas e non queren nada co mundo do sexo comercial.

Esta organización irmá, chamada Atalantas, dáse conta de que para rematar este tráfico, hai que mellorar a situación de todas as traballadoras do sexo, sexan vítimas ou non. E a palabra «vítima» non ten unha connotación psíquica, pero é unha palabra utilizada para referirnos a alguén vítima dun crime, vítima dun asalto.

A idea de que todas as traballadoras de sexo son vítimas, no peor sentido de palabra, vítima no sentido psíquico, como os suecos queren facernos crer de tódalas traballadoras do sexo, impide a unión

das traballadoras. É a meirande estigmatización do término vitimización. E ademais en Holanda, esta idea é máis popular que antes. Na Holanda de hoxe ocúpense máis das vítimas da adición ás drogas e das chulas que das vítimas por infracción de dereitos laborais. Por iso, é moi difícil facer valer o dereito á libre elección do seu traballo. Por exemplo, as mulleres que prefiren traballar na rúa, non poden facelo máis.

E por fin, cal é o papel do sindicato holandés agora? E que pode facer o seu equivalente español? En Holanda aprendimos o seguinte:


1. Cómpre pór énfase en que o traballo do sexo é TRABALLO. E por iso espero que tódolos sindicatos apoiem a loita contra a criminalización deste tipo de traballo e as traballadoras. Todo isto empezou cun

intercambio aberto entre os sindicatos e algunhas traballadoras.

2. Como o FNV, un sindicato pode axudar a formular reflexións e propostas sobre a situación destas persoas e os dereitos laborais.

3. Un sindicato pode educar algunhas traballadoras.

4. É unha ilusión que os sindicatos poden erguer grandes grupos de traballadoras do sexo coma novos membros. O estigma é grande demais e impide a grandes masas de mulleres rexistrarse como membros. Por exemplo en Holanda, as mulleres aínda non se atreven nin a deixar o seu número de teléfono e enderezo a unha organización máis informal como Rode Draad. Isto será aínda máis difícil cunha organización máis oficial como un sindicato.

5. En todas partes do mundo hai organizacións como Hetaira e Rode Draad. Espero que as mulleres de Hetaira, aquí presentes, se poidan identificar cos problemas que acabo de indicar. Nalgunhas partes do mundo están apoiadas polos sindicatos. Isto ocorre en India, Taiwan, Argentina, Inglaterra, Alemaña e moitos outros países. Sei que no movemento internacional sindical se está a discutir o papel do traballo informal, mesmo o traballo do sexo. Xa é hora de que os sindicatos axuden as traballadoras do sexo en todo o mundo a eliminar o estigma da vítima psíquica, vítima de enfermidades e vítima dos homes, o estigma asociado a este tipo de traballo. Pois ao fin e ao cabo o traballo do sexo é TRABALLO. 

Servicio de Asesoramento das Mulleres

■ CONCELLERÍA DA MULLER ■

Para a atención específica dos problemas que afectan ás mulleres o Concello de Santiago pon a súa disposición o Servicio de Asesoramento das Mulleres


Para asesorarte nas túas dúbidas e buscar unha solución ós teus problemas familiares, laborais, xurídicos e sociais.

Estamos a túa disposición na Praza da Constitución s/n.

■ *Horario de atención ó público*

Tódolos días de 10 a 14 h.

Teléfono: 981 57 14 61



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Concellería da Muller

Entrevista

LAURA GÓMEZ LORENZO

A mediados do mes de marzo vistaron distintas cidades e vilas do Estado Español Maha Nassar e Juani Rishmawi. En Gijón, Maha Nassar recollía o Premio Pasionaria, na súa XII edición, concedido pola Área de la Mujer de Izquierda Unida á Unión de Comités de Mulleres Palestinas,¹ da cal Maha é presidenta. Estiveron en Compostela invitadas pola Asociación Galicia por Palestina, onde foron recibidas no Parlamento e no Concello. Agradecemos á nosa amiga Marisa Seoane, membro fundacional da Asociación Galicia por Palestina, o contacto con Maha e Juani e o seu acompañamento durante esta entrevista.



Maha Nassar

Maha Nassar

Maha Nassar, educadora, prisioneira política, membro da Frente Popular para a Liberación de Palestina e da Liga Socialista Palestina é unha activista moi coñecida tamén fóra do seu país, polas charlas e conferencias nas que participa en todo o mundo. A calma e a dozura no seu xeito de falar contrastan coa dureza da situación que describe e sorprenden en alguén que leva acumuladas tal sorte de experiencias. Ás veces, no seu aberto ollar agroma o brillo da esperanza que xera o pulo para cada día.

Juani Rishmawi, coordinadora dos Comités de Traballo da Saúde en Palestina, é española de nacemento e vive dende hai dezanove anos en Belem. Ela exerceu como tradutora de Maha Nassar.

¹ Páxina web de Unión de Comités de Mulleres Palestinas <http://www.upwc.org>, ten interface en inglés.

Unha primeira fonte de problemas son as mentalidades fortemente influenciadas polas manipulacións de carácter relixioso. É a mentalidade de moitos homes que consideran que a función das mulleres é parir e ficar na cociña [...]

A. En que momento e por que razóns se crea a Unión de Comités de Mulleres en Palestina?

MN. A organización creouse en 1980, principalmente para mover a situación política da muller na zona e para poder realizar cambios dentro dunha sociedade clásica. Ata entón as mulleres traballaban en organizacións de caridade, con actividades meramente asistenciais. Non se estaba facendo naquel momento ningún traballo de reflexión para mudar o estatus da muller. Nos inicios, había unha central nas cidades e as mulleres do rural achegábanse aos núcleos urbanos para poderen participar nos debates. A finais dos setenta xa comezaron a xurdir e activarse moitas organizacións de mulleres en distintas zonas para traballar na liña de coñecemento e concienciación dos dereitos da muller, na liña de axuda ás mulleres para tentar cambiar a sociedade no seu contorno máis próximo –xa sabes que é unha sociedade bastante machista– e nunha terceira liña, axudando ás mulleres máis pobres economicamente para que puidesen saír adiante procurándose o sustento.

A comezos dos oitenta xa había movemento nun sentido político. Dende a dereita á esquerda, cada quen tiña unha visión diferente dos problemas das mulleres.

A. Esta unión de comités é, xa que logo, unha plataforma na que participan mulleres de diferente ideoloxía?

MN. As beneficiarias destes programas poden ser de calquera ideoloxía, mais as dirixentes somos mulleres da esquerda.

A Cal é o propósito da túa viaxe ao Estado Español?

MN. Veño por dúas razóns: a primeira é difundir a situación das mulleres palestinas, a vida que levan baixo a ocupación; a segunda, para tentar conseguir financiamento para as nosas diferentes actividades.



Maha Nassar, Marisa Seoane e Juani Rishmawi

A. Como é, polo xeral, a vida das mulleres palestinas nese estado de ocupación na actualidade?

MN. Quero primeiro explicarche como é a situación das mulleres dentro desa sociedade. Nos outras temos tres tipos de problemas:

Unha primeira fonte de problemas son as mentalidades fortemente influenciadas polas manipulacións de carácter relixioso. É a mentalidade de moitos homes que consideran que a función das mulleres é parir e ficar na cociña, prohiben ás súas mulleres ter outras ocupacións ou actividades, nalgúns casos talvez lles deixen estudar, mais non lles permitirán ter o seu propio negocio, ter negocios cun home, ter liberdade de movementos ou de elección.

A situación económica é outro foco de problemas. Coma en moitos países do mundo, o traballo das mulleres non conta nin sequera coma traballo. É ademais unha man de obra moi barata, moitas delas están ocupadas na economía submerxida (no sector téxtil, por exemplo) e tamén moitas son empregadas de xente israelí (o número destas taballadoras



duplica ao dos homes que traballan para israelitas); non teñen ningunha lei que as protexa, non hai continuidade, calquera incidente político pode truncar esa relación laboral.

A terceira fonte de problemas é como viven as mulleres nesa situación de ocupación, tamén os homes están baixo a ocupación, pero elas son as que están pagando o prezo máis caro. Elas son as que están diante nas pelexas cos soldados israelíes, viven permanentemente atemorizadas pola sorte dos seus fillos, estanse a ocupar de traballar as terras e son as primeiras en sufrir –posto que están nas leiras–, cando os israelíes lles arrincan as árbores e lles confiscan as terras. Se os seus homes están sen traballo, están presos ou mortos son elas quen se ocupan de levar os cartos á casa para manter a familia. Son as mulleres quen máis sufren a pobreza. A maiores, moitas teñen tamén que aturar que os seus homes cheguen á casa deprimidos ou molestos pola situación externa e desboten con elas e os fillos.

Xaora, tamén garda relación con estas situacións a cuestión de clase, as mulleres ricas –que tamén as hai– teñen menos problemas cás de clase media e estas, á súa vez, menos cás máis humildes. Pensa que, en ocasións, nunha mesma habitación durme unha familia de vinte persoas.

A zona, máis ou menos insegura, onde as mulleres vivan é outro factor de influencia e isto non ten que ver con que sexan zonas rurais ou urbanas, as mulleres pobres das cidades poden vivir nunha situación tan difícil coma as mulleres do agro.

Noutro chanzo aínda máis baixo están as mulleres dos campos de refuxiados. Malia isto, hai algo que as xungue a todas para traballaren xuntas, a autodeterminación do país e a loita por acadar uns determinados dereitos. As que teñen unha ideoloxía máis forte son as que viven nos campos de refuxiados.

Na vida cotiá hai clausura de territorios, controis militares... Nesta situación tan crítica hai pais que prefiren que as súas fillas non vaian estudar á universidade e fiquen na casa a ensinar aos irmáns máis novos.

Hai tamén un problema moi grave coas mulleres viúvas e divorciadas, a sociedade rexéitaas. Hai mulleres obrigadas a casar co irmán do seu home ou ben con outro que a familia escolla, porque consideran que son mulleres desprotexidas.

Por outra banda, na cuestión das herdanzas, as mulleres teñen dereito a herdar do seu pai a metade do que os varóns. Esta é unha lei islámica. O peor é que moitas veces nin sequera poden percibir esa herdanza, pois a sociedade considera que non é unha boa muller quen reclama bens da súa familia, así que na práctica non é doado facer uso dese dereito.

A poligamia non é moi frecuente en Palestina, mais por lei os homes teñen tamén ese dereito.

A. Esta é unha situación ben difícil para as mulleres laicas, non si?

MN. En primeiro lugar alí xa non se pode dicir que unha é laica. Nosoutras coma mulleres de tradición cultural cristiá estamos igualmente sometidas á lei islámica e a sociedade está tan imbuída deste sistema que mesmo nas familias cristiás é vergoñento que unha muller reclame a súa partilla dunha herdanza que, en principio, se considera irá enteira para o seu irmán. Por iso nalgunhas familias ricas ou aristocráticas o pai reparte en vida a herdanza, para que as fillas non perdan esa parte que a sociedade lles vai negar.

Hai tamén un problema moi grave coas mulleres viúvas e divorciadas, a sociedade rexéitaaas. Hai mulleres obrigadas a casar co irmán do seu home ou ben con outro que a familia escolla, porque consideran que son mulleres desprotexidas

A. Como son as relacións do comité no que estás con outras asociacións feministas israelís?

MN. Temos unha opinión persoal ao respecto. Aínda que sabemos que moitas mulleres feministas israelís están contra o seu Goberno e traballan a prol da paz –e isto é importante para nosoutras, estamos contentas de que haxa xente que pense así–, manteñen unha idea liberal, no senso de que tanto palestinas coma israelitas somos mulleres, e por iso os nosos problemas son semellantes, todas estamos oprimidas, os problemas dos respectivos países son outra cousa. Coincidimos na reivindicación dos dereitos das mulleres e no desexo de que os nosos fillos vivan en paz. A pregunta importante é como? Porque elas son as ocupantes e nosoutras as ocupadas, é imposible que elas e nosoutras esteamos ao mesmo nivel. Nas reunións conxuntas podemos falar de estratexias para a paz, mais cada unha delas volve para a súa casa tranquilamente e eu volvo para a miña sen saber se conseguirei pan para os meus. Os movementos de solidariedade entre as mulleres palestinas e israelís só son posíbeis ata certo punto, porque elas son unha especie de elite, hai diferenzas moi grandes entre nós, mesmo as leis que as protexen a elas nosoutras non as temos.

Por iso, as discusións pola paz sen base, é falar para o ar. Claro que estamos dispostas a falar coas mulleres israelís, son benvidas en calquera actividade na que elas se queiran asociar con nosoutras, mais nunca poderemos coincidir en cuestións políticas, porque nunca entran ata o fondo de determinados temas, como é o estatuto dos refuxiados, por exemplo.

A. Este é tamén o caso coa asociación Mulleres de Negro?

MN. Pois si, ademais en Mulleres de Negro hai moitas integrantes europeas e norteamericanas. A única unión forte ao respecto provén dunha organización mixta (integrada por mulleres e homes) de información alternativa, palestino-israelí e moi de esquerda, xente que provén do marxismo, que traballa en Xerusalén. Eu son unha das conselleiras, traballo con Mikado, un dos israelitas que máis apoia a causa palestina, pero son moi poucas estas persoas. Con todo, obviamente, israelita non é sinónimo de sionista, de feito teño atopado xudeus que ideoloxicamente defenden máis e mellor a causa palestina ca algúns palestinos.

A. Como son as relacións dos comités coas mulleres da Autoridade Nacional Palestina (ANP)?

MN. O máis importante é que a ANP creou recentemente un departamento específico para asuntos das mulleres. Os nosos comités teñen unha experiencia de vinte e cinco anos, temos centros en zonas moi apartadas, podemos chegar a calquera área, non só nos coñecen, senón que nos respectan moito, temos experiencia, unha historia de traballo coas cuestións máis importantes sobre a muller. Antes de que a ANP organizase este departamento para as mulleres, tentamos atraelas mediante cursos, actividades... Coincide que a muller que designaron para levar este departamento, Zahira Kamal, é unha das nosas achegadas, estivo dentro dos comités, se fose outra non poderíamos levar a cabo traballo ou actividades xuntas. Malia as diferenzas que eu teño con ela en relación á política, nosoutras estivemos moi unidas, coa mesma base ideolóxica sobre o movemento de mulleres. Ela é máis vella ca min, mais temos a mesma experiencia de base. Ela pertence a esa xeración de mulleres que máis sufriu, a que entrou na cadea..., a que sentou os alicerces para que as mulleres posteriores tivesen máis facilidade e liberdade de movemento. Xa digo, a pesar das diferenzas políticas que temos, hai unha moi boa relación e unidade entre nosoutras.



Os movementos de solidariedade entre as mulleres palestinas e israelís só son posíbeis ata certo punto, porque elas son unha especie de elite, hai diferenzas moi grandes entre nós, mesmo ás leis que as protexen a elas nosoutras non as temos [...]

Maha Nassar (á esquerda) e Juani Rishmawi

Mais en xeral, non nos fiamos da ANP, pensamos que van vender descaradamente o estatuto dos refuxiados, están facendo traballo policial para Israel. Temos que seguir traballando para chegar a ter algún día unha Autoridade Nacional democrática. Queremos unha axenda palestina, non norteamericana nin israelí.

A. E as relacións con outras organizacións de mulleres dos países árabes?

MN. Estamos integradas dentro dunha rede internacional, estamos dentro do grupo de mulleres que foron a Beijing (Beijing + 5 e Beijing + 10) e tamén dos movementos de mulleres que loitan pola democracia. Temos moi boa relación con algunhas organizacións norteamericanas de mulleres, e en Europa, especialmente en España, Italia e Suíza. En canto aos países árabes son relacións moi cativas, o problema é a dificultade de reunión, as xuntanzas teñen que ser en Xordania e á meirande parte das representantes dos comités de mulleres de Palestina estanos prohibida a entrada en Xordania. Tiñamos invitación para un congreso en Líbano, facíanos moita ilusión porque íamos xuntarnos coas mulleres de comités de case todos os países árabes, mais non puiden asistir, devolvéronme a Palestina; non foron os israelítas, senón os xordanos e iso que non teño pasaporte palestino nin israelí, teño pasaporte xordano.

Nunha ocasión a princesa Basma de Xordania organizaba un congreso de mulleres e as súas colaboradoras para o congreso aseguráronnos que podíamos entrar porque a propia princesa ratifi-

caba esa invitación. Eu non quixen ir, mais as compañeiras que foron comprobaron na fronteira que tiñan unha lista previa (anterior a aquel evento), e que lles leron, onde figuraban todas elas e tamén eu. Mais daquela estabamos invitadas pola princesa, así que nada podían facer as forzas de seguridade.

As mulleres de Gaza non poden ir a Exipto e as de Cisjordania non podemos ir a Xordania. Prohibénnos entrar para que non haxa intercambio nin unidade entre as mulleres dos países árabes. Estamos tratando de xuntarnos noutros lugares.

Como ven as mulleres palestinas da rúa, en xeral, os movementos feministas europeos?

MN. O problema é que en Palestina en canto se fala de dereitos das mulleres, inmediatamente se tilda a quen toca estes temas de pro-occidental e pro-norteamericana, o termo *feminismo* non suscita, polo tanto, moito respecto, así que non podemos dicirlle ao noso pobo que somos feministas. É moi difícil ter unha axenda feminista, xa che comentaba antes que os nosos dereitos están mesturados coa cuestión da autodeterminación. Mais eu son feminista. Dende 1948 ata o 2005 soño coa adquisición dun maior compromiso feminista. Estamos defendendo dereitos moi básicos. Con todo, eu persoalmente percibo respecto cara a min cando fago algunha demanda sobre os dereitos para as mulleres, porque teño loitado tamén pola causa da autodeterminación do noso pobo, teño estado na cadea e iso fíxome acadar credibilidade como esquerdista. 6

Custodia compartida

ISABEL CASTILLO GONZÁLEZ¹

O Proxecto de Modificación do Código Civil en Materia de Separación e Divorcio, presentado polo Ministro de Xustiza o 17 de setembro de 2004, aprobado polo Pleno do Congreso dos Deputados e enmendado polo Senado, prevé a posibilidade de que, como efecto da separación, nulidade ou divorcio, ámbolos proxenitores poidan exercer compartidamente a garda e custodia dos fillos menores de idade sometidos á súa potestade, ben por acordo entre eles ben por decisión xudicial.

A introdución desta posibilidade supón unha innovación no tratamento legal da institución da garda e custodia, pois a regulación actual, aínda que non descarta a custodia compartida, tampouco a contempla explicitamente, dando a entender en todo o texto legal que só un dos proxenitores pode ser o adxudicatario da función custodiadora.

Que os proxenitores en crise conxugal poidan decidir de consuno que queren compartir a custodia dos seus fillos é a lóxica e na-

tural manifestación do dereito que lles asiste a organizar o funcionamento da súa familia; e, do mesmo xeito que durante a convivencia matrimonial non está prevista a intervención do aparato lexislativo e xudicial do Estado para regular a vida doméstica, agás supostos de comportamentos nocivos, perigosos, perversos ou lesivos para a vida e a saúde física e psíquica dos menores, tampouco parece oportuno

¹ Avogada.

A introdución desta posibilidade supón unha innovación no tratamento legal da institución da garda e custodia, pois a regulación actual, aínda que non descarta a custodia compartida, tampouco a contempla explicitamente, dando a entender en todo o texto legal que só un dos proxenitores pode ser o adxudicatario da función custodiadora





O importante é velar polos intereses prioritarios dos fillos e procurarlles a seguridade, protección e estabilidade á que teñen dereito; consúltalos antes de decidir e considerar os sentimentos que expresen, recabar informes de especialistas cualificados e primar a aptitude de cada un dos proxenitores para asumir os seus deberes e respectar os dereitos do outro [...]

que despois de rota a convivencia o Estado entre na intimidade das familias para dirixir as súas vidas, pois, de ser así, crebarían ostensiblemente os dereitos á liberdade e á intimidade persoal e familiar. Os proxenitores que libremente decidiron formar unha familia sen que lles fosen esixibeis previas probas de aptitude deben conservar esa mesma liberdade para decidir o futuro desa familia cando se vexa afectada pola crise do matrimonio. Calquera cuestionamento a este dereito supón unha intromisión ilegítima que nin quere nin consente o ordenamento xurídico.

Distinto tratamento merece a análise da custodia compartida decidida xudicialmente en procedemento contencioso cando cada un dos proxenitores a pretende para si ou cando algún deles, en contra do outro, a pretende conxunta. Suscitar tal debate diante dos tribunais evidencia, cando menos, a existencia de graves conflitos persoais

entre os cónxuxes, e salienta a carencia de criterios unánimes a seguir na crianza e na educación da prole, o que sen máis abundaría para denegar a atribución compartida da custodia. Mais este espiñento asunto precisa de maior desenvolvemento argumental.

A custodia compartida ten a súa orixe en ordenamentos xurídicos anglosaxóns nos que non existe a figura da patria potestade. Esta institución, histórica no dereito español, regula o conxunto de dereitos e obrigas que os pais teñen respecto dos fillos. A patria potestade ou «autoridade parental» é o poder de decisión dos proxenitores sobre os fillos non emancipados e abrangue o dereito de velar por eles, telos na súa compañía, alimentalos, educalos e procurarlles unha formación integral, e o dereito a representalos, administrar os seus bens, e correxilos razoábel e moderadamente. Para darlles cumprimento a todas esas funcións é absoluta-

mente necesario que se produza unha implicación de pais e nais na vida da súa prole e que se decida consensuadamente toda canta cuestión afecte ao seu desenvolvemento persoal, emocional e académico. Ningún pai e ningunha nai pode ser privado da patria potestade a menos que incumpra gravemente os deberes que lle son inherentes; a privación só pode acordala un tribunal en sentenza ditada en procedemento civil contencioso ou en procedemento penal, porque se trata dun dereito irrenunciábel e intransixíbel. Na inmensa maioría das sentenzas xu-

diciais que se ditan en procesos contenciosos de nulidade, separación ou divorcio, a patria potestade atribúese conxuntamente a ámbolos proxenitores, mentres que a custodia dos fillos se atribúe a un deles cuidando de non separar aos irmáns e, coetaneamente, sinálase o tempo, lugar e modo no que se deben producir as comunicacións e visitas entre os fillos e proxenitor non custodio. Todas estas medidas deben adoptarse en beneficio dos fillos, procurando a mellor realización dos seus dereitos e intereses, e despois de escoitalos se son maiores de doce anos ou teñen suficiente xuízo. Nos últimos anos pódese ver como a xurisprudencia emanada dos xulgados e das audiencias provinciais tende a acordar amplos réximes de visitas que permitan unha fluída comunicación dos fillos menores co pai ou nai co que non convivan habitualmente. Esta tendencia ten como finalidade reforzar os lazos afectivos

CONXU

TERESA JUNCO LÓPEZ¹


O recente proxecto de lei para a reforma do Código Civil en materia de divorcio propón unha nova redacción do artigo 92, segundo o cal a custodia da prole poderán exercela conxuntamente ambos proxenitores, ben porque os dous estean de acordo en que así sexa, ben porque o xuíz estime que esta opción é a máis beneficiosa para os menores.

A custodia conxunta parte da idea de que ningún dos proxenitores debe ser o *custodio* dos seus fillos, senón que debe existir unha

coparentalidade, é dicir, ambos deben ter os mesmos dereitos e responsabilidades que tiñan sobre a súa prole antes da separación. A coparentalidade é un dereito dos fillos, con independencia de que o seu pai e a súa nai vivan xuntos ou non. O exercicio de tal coparentalidade supón un contacto dos fillos con ámbolos dous proxenitores superior ao que permite a custodia monoparental. Non existe un patrón estandarizado de alternancia entre ambos domicilios, puidendo ser semanal (como sucede en Fran-

cia), quincenal ou mensual. Pero a custodia conxunta non é sinónimo de reparto da convivencia dos fillos ao 50% entre o pai e a nai. Preténdese que os fillos poidan disfrutar o maior tempo posíbel da presenza e coidado de ambos, mais isto hai que adaptalo a cada situación familiar en particular, ás necesida-

¹ Teresa Junco López, Mediare (Equipo de Mediación), psicóloga forense, decanato Xulgados, Oviedo.



nta Custodia conxunta, unha realidade emerxente

des dos fillos e a dispoñibilidade dos proxenitores. Con todo, o aspecto central desta opción de custodia non é tanto a cantidade de tempo que pasan os fillos co pai e coa nai, como o compromiso de ambos membros da parella para compartir o tempo de estadía cos seus fillos e de coidalos en dúas casas separadas nunha atmosfera posdivorcio civilizada e respectuosa, sen necesidade dunha parcelación precisa da vida do neno.

Que desde a lexislación se contemple a posibilidade da custodia

conxunta non debe levar a valorala como unha panacea, nin como unha obriga, nin a culpabilizar as parellas que non recorran a esta modalidade. Si debería ser vista como un modo de superar as situacións de semiorfandade en que quedan fillas e fillos cando existe unha custodia monoparental, sexa paterna ou materna, especialmente se a relación entre os excónxuxes non é boa.

O concepto de custodia conxunta xurdiu con forza nos EE. UU. na década dos oitenta, país no que

está regulada como a opción preferente de custodia na maioría dos seus Estados. Existe noutros países como Canadá, Suecia e Francia. Sen embargo, é difícil precisar o seu grao de incidencia. Algún estudo estima que nos EE. UU. arredor dun 15% ou 20% dos nenos e nenas vive nun réxime de alternancia da súa residencia entre ambos proxenitores.

Outros datos falan dunha porcentaxe maior, entre o 30% e o 50%. As familias que acceden á custodia conxunta fronte ás que acce-



**[...] a incorporación da muller ao traballo
sepáraa do papel tradicional de nai e réstalle
posibilidade de dedicarse a tempo completo
ao coidado da prole, facendo máis necesaria
a implicación do varón para desenvolver dita
tarefa de forma eficaz**

den á custodia monoparental adoitan ter un nivel educativo e económico máis alto, teñen máis idade e mellor saúde.

No Estado Español, a lexislación vixente desde que no ano 1981 se modificou o Código Civil e se regulamentou a posibilidade de separarse e divorciarse, non fai referencia explícita á custodia compartida, nin de feito a ningún outro tipo de custodia, senón que esta-

blece que, a falta de acordo entre os proxenitores, será o xuíz quen decida, en interese do menor, con quen ha de vivir este, do mesmo xeito, tampouco regula de forma explícita cal debe ser o tipo de visitas que han ter os fillos e fillas co proxenitor co que non residen. A práctica habitual viña sendo atribuír a custodia da prole á nai e fixar un réxime de visitas para o pai de fins de semana alternos e

metade de períodos vacacionais de Semana Santa, verán e Nadal. É dicir, na maioría das rupturas de parella, a prole queda vivindo coa nai, habitualmente no que fora domicilio conxugal, e o pai ve os fillos catro días ao mes. Até agora, foron poucos os casos en que se aplicou a custodia compartida. Cando se produciu, foi por acordo explícito entre o pai e a nai, e en moitas ocasións contou cunha solicitude do fiscal dunha investigación máis exhaustiva do caso, a través dunha valoración pericial do efecto de dita organización sobre os fillos.

Varios foron os factores que crearon o caldo de cultivo no que se desenvolveu o crecente interese pola custodia compartida como forma de organizar o contacto da prole con ambos proxenitores trala separación ou divorcio. En primeiro lugar, produciuse un cambio lexislativo. Así, no ano 1990 modificouse o artigo 159 do Código Civil, que daba prioridade ás nais na asignación da custodia dos fillos menores de 7 anos e deixou ao criterio do xuíz a atribución da súa custodia, en caso de desacordo entre pai e nai. Outro factor é a crecente insatisfacción dos varóns co papel periférico como pais ao que os condena a ruptura conxugal. Hai que engadir que a investigación psicolóxica non atopou apoio para a crenza tradicional de que as mulleres están máis capacitadas cós varóns para o coidado dos fillos. Pola contra, son numerosas as investigacións que poñen de manifesto o efecto negativo que para os fillos ten a ausencia da figura do pai e o efecto beneficiosos que supón para un desenvolvemento equilibrado da súa personalidade a presenza de ámbolos dous proxenitores. Ademais, a incorporación da muller ao traballo sepáraa do papel tradicional de nai e réstalle posibilidade de dedicarse a tempo completo ao coidado da prole, fa-

cendo máis necesaria a implicación do varón para desenvolver dita tarefa de forma eficaz.

Unha correcta aplicación da custodia conxunta conleva un coñecemento dos criterios que a fan aconsellábel:

► Ningún dos proxenitores debe presentar características que o incapaciten para exercer o *rol* parental, tales como sufrir unha enfermidade mental, presentar problemas relacionados co abuso de substancias tóxicas, ter sido un suxeito activo en episodios de violencia familiar, etc.

► Cómpre que os domicilios de pai e nai estean próximos, para que o intercambio de domicilio non implique para a prole cambios de colexio, de amigos, de entorno e de rutinas.

► Cómpre que ámbolos dous proxenitores poidan seguir cooperando como pai e nai, con independencia do seu fracaso conxugal.

► Cómpre que os estilos educativos do pai e da nai sexan semellantes, de xeito que os fillos e fillas teñan un referente normativo común.

► É necesario que a dispoñibilidade horaria de ambos proxenitores lles permita a alternancia no coidado dos fillos.

► Cómpre adaptar o patrón de alternancia entre ambos domicilios á idade dos fillos e fillas: na medida en que teñen menos idade, os seus contactos con cada proxenitor deben seguir un patrón temporal que implique contactos frecuentes pero curtos. Cando son máis vellos o intercambio pode ser máis espaciado.

► Cómpre prestar atención ao efecto que a alternancia de domicilio ten na prole, xa que hai criaturas que toleran mal o cambio de residencia, co que non serían boas candidatas para a custodia con-

xunta, aínda que si para un contacto frecuente con ámbolos dous proxenitores.

A favor da custodia conxunta argumentouse que mellora o benestar dos menores ao fomentar unha relación continua con ámbolos dous proxenitores, semellante á que poida existir na familia intacta; ao eliminar as batallas legais sobre a custodia e evitar que os proxenitores se vexan como adversarios, reduce considerabelmente o conflito familiar e evita que os fillos se vexan expostos ao mesmo; fronte á custodia monoparental, evita a sobrecarga que implica para o proxenitor custodio ter que afrontar en solitario o coidado da prole, así coma os sentimentos de perda e ambigüidade do papel nos non custodios; supón tamén un alivio de carga de traballo para o sistema xudicial e evita que o xuíz teña que decidir sobre a competencia dos proxenitores para coidar os seus fillos.

Os argumentos en contra sinalan que a custodia require que o pai e a nai continúen non só interactuando, senón tamén decidindo conxuntamente asuntos relevantes para o benestar dos fillos comúns, o que aumenta, máis que diminúe, o risco de conflito e fai que a custodia conxunta sexa pouco viábel. Considérase que a coparentalidade podería chegar a alterar a continuidade e a estabilidade no coidado do neno ou nena.


Aínda así, o máis idóneo para formarse unha opinión fundada sobre o apropiado ou non da custodia compartida é atender os resultados da investigación sobre a mesma, os cales poñen de manifesto que:

► A custodia conxunta aumenta o contacto entre os fillos e o pai, e por iso a implicación deste no coidado dos fillos, xa que permite que o pai se sinta e actúe como tal o

que contribúe a fortalecer os vínculos emocionais entre o pai e os fillos e isto favorece a adaptación posdivorcio da prole. A maior implicación dos varóns no coidado dos fillos vai acompañada dun maior compromiso co abono das pensións de alimentos (85% - 90% dos casos, fronte ao 65% do cumprimento cando hai custodia materna).

► A custodia conxunta é aconsellábel en familias cun nivel de conflito entre baixo e moderado, xa que se este se presenta nun grao alto, ao fomentar o contacto entre os proxenitores, pode exacerbalos e, por tanto, acentuar os seus efectos negativos para os fillos e fillas. A boa relación entre os excónxuxes pode facer aconsellábel a custodia compartida, mais en ningún caso a custodia compartida transformará en harmonía a mala relación que poida existir entre a parella.

► A custodia conxunta mellora o efecto negativo do divorcio sobre os fillos varóns, que expresan con maior probabilidade cáns nenas reaccións negativas ante a ruptura dos seus proxenitores.

Por tanto, se atendemos aos resultados que produciron a custodia conxunta nos países nos que xa hai tempo que está instaurada, a nosa visión das rupturas conxugais nas que hai descendencia terá que empezar a cambiar. Teremos que irnos esquecendo dos términos «custodia» e «régime de visitas» a favor da «coparentalidade» se queremos que fillos e fillas medren de forma equilibrada. Teremos que empezar a pensar que a batalla legal é un mal campo para exercer o papel parental e, antes que ir ao xulgado, haberá que acudir a un mediador familiar que axude na configuración dun contexto que favoreza as relacións familiares tralo divorcio. 

Concha Méndez

(1898-1986). Poeta e impresora



Yo soy la vida en lucha
de cada hora y de cada paso.
Yo soy la fuerza de mí misma,
la antena receptora del milagro.
Yo soy la vida sin remedio.

[De *Niño y sombras*, 1936]

 RAQUEL BARREIRO PAZ

A modernidade instálase lenta pero definitivamente na sociedade española ao longo do primeiro terzo do século XX, como resultado inevitábel dunha serie de transformacións. Debido ao peso de condicionantes históricos, económicos, relixiosos e culturais, tal modernidade chega con retraso con respecto a outros países do entorno. Nas décadas dos vinte e dos trinta sucédense os cambios a nivel social e político, cultural e artístico, que afectan de raíz á vida

tanto pública como privada. Algúns dos cambios máis importantes están relacionados co papel da muller no fogar e na sociedade. Por vez primeira recoñécense dereitos básicos como ocupar cargos públicos, votar ou acceder a estudos superiores, se ben a realidade é que só unhas poucas poden en realidade acadalo e non sen dificultades. Se se puido avanzar neste longo e traballoso camiño aínda hoxe sen concluír foi grazas á infinidade de pequenas conquistas logradas nas

súas vidas cotiás por moitas mulleres que eran conscientes dos seus dereitos, non estaban dispostas a renunciar a eles e loitaron sen descanso na medida das súas modestas posibilidades para que fosen recoñecidos. Concha Méndez Cuesta foi unha delas.

Os poucos manuais de literatura que a mencionan apenas se refíren a ela de pasada como «a esposa do poeta e impresor Manuel Altolaguirre», circunscibindo así a súa vida aos doce anos que du-

rou o seu matrimonio e pasando por alto o feito de que ela mesma foi tamén poeta e impresora. Autora dunha decena de libros de poesía, ademais de teatro e outros textos, compaxina o seu labor literario coas tarefas editoriais que desempeña xunto a Altolaguirre. É unha das escasísimas mulleres españolas do seu tempo que traballa como editora e impresora; non se limita a acompañar ao seu esposo, senón

é unha nadadora competente; participa e vence en campiónatos de natación e chega mesmo a pensar ir aos xogos olímpicos. O seu entusiasmo polo deporte, que continúa mantendo cando xa está próxima aos trinta, así como a súa forte complexión, farana obxecto de máis dunha bulra. Curiosamente, o seu primeiro recital de poesía terá lugar nun ximnasio e o seu primeiro traballo será como axudan-

da máis que como un pasatempo frívolo.

Desde moi nova Concha sente a necesidade de deixar o camiño que a sociedade e a tradición lle marcan e seguir o seu propio; para iso deberá enfrontarse ás convencións sociais, renunciar á súa cómoda vida de señorita burguesa e soportar o rexeitamento da súa familia. Durante toda a súa vida lembra o impacto que *Casa de Bo-*

**Autora dunha decena de libros de poesía,
ademais de teatro e outros textos [...] É unha das
escasísimas mulleres españolas do seu tempo que traballa
como editora e impresora; non se limita a acompañar
ao seu esposo, senón que aporta os cartos para comprar a
imprenta, traballa con el [...] e viste o característico
e simbólico moño azul obreiro**

que aporta os cartos para comprar a imprenta, traballa con el cóbado con cóbado –mesmo no sentido máis literal: ámbolos dous coas súas propias mans trasladan a súa primeira imprenta común en Madrid–, esfórzase por aprender os procedementos do oficio, involúcrase no traballo cotián e viste o característico e simbólico moño azul obreiro.

Durante a súa xuventude, nos anos vinte, é unha figura representativa da nova muller española. Dotada dunha enorme vitalidade, activa, segura de si mesma, impetuosa e espontánea, ten unha decidida vontade de ser moderna, o que pode permitirse grazas á súa privilexiada posición económica: practica deportes, interésase polo cine, polo jazz, polo charleston...

Sería un erro considerar a súa afición polo deporte como un mero pasatempo *snob* de nena rica moderna. Verdadeira entusiasta do exercicio físico, xoga ao tenis, practica ximnasia sueca e, sobre todo,

ta dun médico que é á vez profesor de ximnasia sueca. O deporte está presente en non poucos dos seus primeiros poemas e tamén en varios dos retratos que a súa amiga Maruja Mallo fai dela: vestida con traxe de baño, montada en bicicleta, etc.

Nada en Madrid, no seo dunha familia extraordinariamente rica, desde a infancia disfruta dunha vida de verdadeiro luxo: o seu pai compra un dos primeiros automóbiles da cidade, ela viste roupa confeccionada a medida polos mellores modistos, cada verán pasa longas tempadas en San Sebastián... Sen embargo, a súa posición privilexiada conleva tamén algunhas restricións. Por unha parte, como salvagarda da súa respectabilidade non se lle permite saír soa á rúa até xa sobrepasada a maioría de idade e aínda así para logralo debe enfrontarse á súa familia; por outra parte, a súa pertenza a unha clase alta será un lastre para que a súa actividade creativa sexa toma-

necas supón para ela cando asiste a unha representación aos 13 anos de idade, lembra o impulso reivindicativo co que sae do teatro, a súa determinación firme de facer oír a súa voz. Sen militar en ningunha asociación nin partido político, sen sequera ter claro se identificarse ou non como feminista, si é moi consciente da inferioridade de dereitos da muller con respecto ao home, o que rexeita, e na súa vida persoal toma partido de forma clara e decidida. Puido levar unha vida fácil e despreocupada pero para non se traizoar a si mesma, ás súas inquedañas, elixiu un camiño que lle levou dificultades, incompreensión, críticas e en última instancia un longo exilio.

Recibe unha educación moi pobre: asiste á escola só desde os 7 até os 14 anos, xa que para o papel que se supuña que debía desempeñar na sociedade non se consideraba necesario máis. Grazas a un veciño que lle presta libros ás agachadas, á idade de 16 anos comeza a ler literatura. Na súa propia casa nin sequera se lle permite ler o xornal. Tamén ás agachadas da súa familia, que se opón frontalmente a iso, asiste a conferencias e obtén o título de profesora de español.

ningún dos seus amigos da Residencia de Estudiantes, entre os que están Rafael Alberti, Salvador Dalí e Federico García Lorca. É a propia Concha quen toma a iniciativa. Movida pola curiosidade, un día, con Buñuel ausente, chama por teléfono á Residencia (onde non coñece a ninguén) e preséntase. Por casualidade, quen contesta ao teléfono é Federico García Lorca, que xa escoitara a Buñuel falar dela e tamén sente curiosidade por coñecela. A partir dese día inicianse

ruja Mallo, de quen será inseparable e para quen posará como modelo en varias ocasións. Grazas a estas amizades que lle abren novas perspectivas cambia a vida de Concha, quen en compañía deles descobre un mundo até entón totalmente alleo: acoden xuntos a recitais poéticos e actos culturais, mais tamén a verbenas populares e a cafés, realizan saídas nocturnas e excursións polas aforas da cidade. Xunto a eles protagoniza simbólicos actos de rebeldía, como saír á rúa sen sombreiro (algo inaceptábel para unha muller da súa clase) ou mirar cara ao interior a través dos cristais das tabernas, xa que pola súa condición de muller non tiña permitida a entrada nelas. Por temor a causar un escándalo na súa familia, que non ve con bos ollos estas amizades, Concha rexeita o ofrecemento de Alberti de dedicarlle un grupo de poemas nun libro seu. A tensión acada tales extremos que a súa familia chega a acoitelar un retrato de Concha pintado por Maruja Mallo. Aínda así esta é para Concha unha época enriquecedora na que se sente chea de vitalidade e non cesa de facer novos descubrimentos. Unha noite de 1925, despois de asistir a un recital de poesía, fortemente impresionada polos versos que escoitou, Concha empeza a escribir os seus primeiros poemas.

Hai que ter en conta que a poesía escrita por mulleres, como calquera outra creación artística feminina, non só está moi escasamente valorada nesta época, na que está tendo lugar un intenso debate sobre a capacidade intelectual da muller, senón que ademais a formación literaria de Concha Méndez é practicamente nula; escribe movida pola súa paixón creadora, por unha pulsión vital que a empurra a iso, por pura intuición. Ela mesma non se engana a este respecto e exprésao con claridade

Verdadeira entusiasta do exercicio físico, xoga ao tenis, practica ximnasia sueca e, sobre todo, é unha nadadora competente; participa e vence en campionatos de natación e chega mesmo a pensar ir aos xogos olímpicos



Elementos para el deporte (1927), óleo de Maruja Mallo

Aos 20 anos, durante un dos veráneos en San Sebastián, coñece a Luís Buñuel e inician un noivado que durará seis anos; en todo ese tempo el non a fai nunca participe das súas actividades nin lle presenta

unhas relacións de amizade que chegarán a ser moi sólidas entre Concha e o grupo de poetas vencellados á Residencia e ao seu círculo de amizades. En especial, terá unha relación moi estreita con Ma-

nunha carta dirixida a Federico García Lorca: «Eu, realmente, non estou preparada para facer nada interesante. Desde logo, teño unha grande vocación, pero máis nada» (agosto de 1925). Serán o propio Lorca e sobre todo Rafael Alberti os que lle proporcionen as primeiras nocións de escritura poética.

Pouco tempo despois Concha publica os seus primeiros libros de poemas, *Inquietudes* (1926) e *Surtidor* (1928). Mentres que o primeiro revela as múltiples influencias aínda sen asimilar, o segundo decántase por unha estética vangardista sen renunciar ao ton apaixonado tan característico dela:

Ser.
Fábrica de ideas.
Fábrica de sensaciones.
¡Revolución de todos
los motores!

Tras unha etapa inicial de experimentación, na súa poesía máis madura tratará temas considerados entón como pouco femininos (fóra da emoción romántica este-reotipada, poucos o eran), como o desexo e, sobre todo, a insatisfacción, un tema que non abandonará nunca.

A súa actividade como escritora non se limita á poesía. No Lyceum Club de Madrid –a asociación organizada por mulleres, dirixida á formación cultural das mulleres e da cal Concha Méndez é socia fundadora– pon en escena a súa obra teatral para nenos *El ángel cartero*, con decorados de Maruja Mallo. De todas as pezas teatrais que escribiu ao longo da súa vida, esta será a única que se presente. Publica ademais un guión de cine, *Historia de un taxi* (1927). A película ródate baixo a dirección de Carlos Emilio Nazari, mais non chega a estrearse. A trama resulta un tanto atrevida para a época, xa que consiste nun enredo amoroso

**Sen militar en ningunha asociación
nin partido político, sen sequera ter claro se
identificarse ou non como feminista, si
é moi consciente da inferioridade de dereitos
da muller con respecto ao home**

no que unha muller non se resigna a perder o home que ama, enamorado doutra, e como parte dunha estratagem para recuperalo disfrazase de home, aínda así o que logra é que outra muller se enamore dela, dando lugar a escenas *equivocas* que ademais teñen como escenario o cabaret en que ocorren os feitos.

A pesar das súas múltiples actividades, a Concha se lle queda pequeno o mundo que coñece e sente o desexo de ver máis. Repetidamente manifesta o seu desexo de viaxar ao estranxeiro, en especial Escandinavia e EE. UU. Ao seu afán por coñecer súmase a necesidade de desprenderse dun entorno familiar e social que lle resulta opresivo. Entón non podía maxinar que, aínda en contra da súa vontade, a maior parte da súa vida ía a transcorrer fóra de España.

Aos 30 anos ve por fin cumprido o seu soño: por primeira vez na súa vida pode viaxar soa e, o que é máis importante, pór a proba a súa propia capacidade para se desenvolver por si mesma. Pasa seis meses en Londres e un ano e medio en Bos Aires. A independencia económica ten unha importancia vital para ela, xa que sabe que é condición indispensable para a independencia persoal. Desde a súa partida a Londres a principios de 1929 até o seu matrimonio en 1932 disfruta de total autonomía. É un período no que está chea de proxectos, todo a estimula e nas cartas aos seus amigos non cesa de manifestar un entusiasmo desbordante. En Londres dá clases de español, fai traducións do francés e mesmo tra-

balla nunha fábrica de chapeos. Aproveita a súa estada para visitar estudos de cine; esta arte incipiente apaixóaa até tal punto que ambiciona chegar a dirixir. En Bos Aires dá conferencias sobre literatura actual, colabora en prensa e desempeña traballo administrativo. Alí publica un novo libro de poemas, *Canciones de mar y tierra* (1931) con ilustracións de Norah Borges e prólogo de Consuelo Berges.

A mediados de 1931, probabelmente animada pola proclamación da segunda República, Concha Méndez regresa a Madrid. Os anos que transcorren desde entón até o inicio da guerra civil serán moi intensos para ela, tanto a nivel persoal como creativo e profesional.

Federico García Lorca preséntalle un amigo seu da adolescencia, o poeta e impresor Manuel Altolaguirre, quen a pesar da súa xuventude (sete anos máis novo ca ela) iniciara xa unha brillante terefa editorial e terá un papel fundamental na publicación de libros e revistas vencellados á xeración poética do 27. Altolaguirre e Méndez casan en 1932. Un e outra comparten a paixón pola poesía e os libros. Concha implícase de cheo nas tarefas editoriais e xuntos sacan á luz boa parte das publicacións literarias máis coidadas do seu tempo. Do seu prelo saen revistas literarias da importancia de *Héroe* (1932-1933), *1616* (1934-1935) ou *Caballo verde para la poesía* (1935-1936) dirixida por Pablo Neruda.



Canciones de mar y tierra,
ilustración de Norab Borges

[...] inicianse unhas relacións de amizade que chegarán a ser moi sólidas entre Concha e o grupo de poetas vencellados á Residencia e ao seu círculo de amizades. En especial, terá unha relación moi estreita con Maruja Mallo, de quen será inseparábel e para quen posará como modelo en varias ocasións [...]

Ademais publican poesía clásica e contemporánea, entre os autores abundan os bos amigos como Lorca, Moreno Villa, Cernuda, Miguel Hernández ou Rosa Chacel.

Concha non deixa de escribir: *El ángel cartero* (teatro infantil, 1931), *El personaje presentado* (espectáculo vangardista, 1931), *Vida a vida* (poesía prologada por Juan Ramón Jiménez, 1932), *El carbón y la rosa* (comedia infantil, 1935) e sobre todo *Niño y sombras* (1936), no que fala con voz desgarrada da experiencia traumática padecida en 1933, cando dá a luz un neno que morre ao nacer.

Se desprendió mi sangre
para formar tu cuerpo.
Se repartió mi alma para
formar tu alma
Y fueron nueve lunas y fue
toda una angustia
de días sin reposo y noches
desveladas.
Y fue en la hora de verte que
te perdí sin verte.

Entre 1933 e 1934 o matrimonio trasládase a Londres, onde Altolaguirre está como bolseiro para estudar procedementos tipográficos e onde nacerá a única filla do matrimonio, Paloma. Mentres tanto, na súa casa de Madrid reside un vello amigo de Altolaguirre, o poeta Luís Cernuda, coñecido e odiado por moitos polo seu difícil carácter pero con quen manterán a

amizade para sempre e con quen Concha compartirá moito despois a súa casa de México, durante os últimos dez anos de vida do poeta (1953-1963).

Ao regreso de Londres trasladan a imprenta e instálana no soto da súa casa en Madrid, poñéndolle por nome *A Verónica*. Con ela contiñúan co seu labor como impulsores de múltiples proxectos editoriais literarios, máis que meros impresores.

Coa guerra civil son asasinados familiares cercanos e amigos, entre eles dous irmáns de Altolaguirre e os poetas José María Hinojosa e Federico García Lorca. Moitos dos amigos máis queridos irán emprendendo o camiño do exilio, entre eles están Maruja Mallo, Rafael Alberti, María Teresa León, Rosa Chacel, Moreno Villa, Ernestina de Champourcín, María Zambrano... Xunto con dúcias de escritores, Altolaguirre e Méndez asinan o manifesto *Los intelectuales con el Bloque Popular*. Altolaguirre queda en España, onde colabora coa Alianza de Intelectuais Antifascistas en Defensa da República e con La Barraca. Mentres, Concha inicia coa súa filla unha peregrinaxe por diversos países: Francia, Inglaterra, Bélxica... até que en 1938 poden reunirse de novo con Altolaguirre, que só por milagre sobreviviu á barbarie, e inician xuntos o camiño do exilio cara América.

Aínda que a súa intención é dirixirse a México, debido a unha enfermidade da súa filla desembarcan na Habana, onde viven entre 1939 e 1943 e reanudan a súa actividade como editores sorteando a duras penas as dificultades económicas. Só contan cunha máquina pequena e anticuada, tamén a esta chaman *A Verónica*. Concha publica *Lluvias enlazadas* (1939), que contén unha antoloxía da súa poesía xunto con doce poemas novos. Nestes versos manifesta o fondo

Se saír da ortodoxia é situarse na marxinalidade, Concha Méndez, como muller pouco convencional tiña todas as papeletas para caer nun esquecemento que as décadas de exilio contribuíron a facer

desánimo que padece despois de verse obrigada a abandonar familia, amigos e propiedades e comezar de novo case desde a nada mentres o seu país se desfai:

[...] me desespera el no
entender nada
y me desanima verlo todo
incierto.
A veces pregunto ¿por qué
habré venido
a este laberinto de soledades,
del que nunca salgo por más
que me esfuerzo,
encontrando sombras...
sin hallar a nadie?

Trasládanse a México en 1944, un ano que será particularmente duro para ela. O pasamento da súa nai en España cáusalle unha enorme dor por non a ter podido ver durante anos nin a poder acompañar nos seus últimos momentos. A isto engádeselle o fin do seu matrimonio: Altolaguirre enamórase doutra muller e vaise vivir con ela. Concha atópase entón soa, ten 46 anos e é unha recén chegada nun país que apenas coñece. Os versos que escribe tanto á nai perdida como ao amor ausente son dunha tristura conmovedora:

Este silencio que tu partir ha
alzado;
esta tiniebla que desgarrar
no puedo,
me van causando ese terrible
miedo
del que se ve sin luz,
desamparado.

A partir de entón Concha vaise retirando paseniño da vida pública, abandona as tarefas editoriais e

a escritura. Entre os libros que publica ao pouco de chegar a México, *Poemas, sombras y sueños* e *Villancicos de Navidad* (ambos de 1944) e os seguintes pasarán máis de trinta anos.


Máis adiante fundará unha produtora e colaborará, entre outros, con Luís Buñuel. A morte repentina de Altolaguirre en accidente de tráfico en 1959 significa un duro golpe para Concha, que continuaba sentindo un grande cariño por el. Merece a pena ler os versos finais do poema que adica á súa memoria, «A Manolo na súa irremediábel ausencia»:

Andaremos por siglos
siempre juntos
por el camino de la Poesía,
que fue quien nos unió sin
darnos cuenta
un ya lejano y luminoso día.

É pouco o que se sabe dos últimos vintecinco ou trinta nos da vida de Concha Méndez. Arredor de 1970 padece unha depresión que a leva a un intento de suicidio. Despois dun longuíssimo silencio volve a escribir poesía: *Vida a vida e vida o río* (1979), *Entre el soñar y el vivir* (1981), *Con el alma en vilo* (1986, inédito).

Ao longo de anos foi reunindo coidadosamente un extenso e valioso arquivo sobre o entorno literario da súa xeración formado por recortes de prensa, cartas e outros materiais. Como persoa xenerosa que era, sempre puxo este arquivo a disposición da investigación; na actualidade consérvase na Residencia de Estudiantes.

A pesar de que naceu en berce de pro, o destino non lle foi especialmente favorábel. A súa obra li-

teraría non gozou nin no seu tempo nin na actualidade máis que de escaso recoñecemento, padeceu unhas circunstancias persoais dolorosas, o seu teatro non foi representado e ignorouse o seu labor como impresora e editora. Ela sabía que non elixía un camiño fácil, mais preferiu ser fiel a si mesma e trazarse a súa propia traxectoria, para a que carecía de modelos. Se saír da ortodoxia é situarse na marxinalidade, Concha Méndez, como muller pouco convencional tiña todas as papeletas para caer nun esquecemento que as décadas de exilio contribuíron a facer. Sen que fose a mellor escritora da súa xeración nin unha intelectual brillante, é de xustiza lembrala polo seu valor, a súa coherencia e a súa calidade humana. 

Para saber máis:

Paloma Ulacia Altolaguirre: *Concha Méndez. Memorias habladas, memorias armadas*, Madrid, Mondadori, 1990.

James Valender (ed.): *Una mujer moderna. Concha Méndez en su mundo (1898-1986)*, Madrid, Publicaciones de la Residencia de Estudiantes, 2001.

James Valender (ed.): *Manuel Altolaguirre y Concha Méndez, poetas e impresores*, Madrid, Publicaciones de la Residencia de Estudiantes, 2001.

Revista de Occidente, núm. 211 (diciembre, 1998).

Shirley Mangini: *Las modernas de Madrid: las grandes intelectuales españolas de la vanguardia*, Madrid, Península, 2001.

Xoias literairas



Recollemos do libro de Escipi3n Sighele, *Eva Moderna* (Col. Contempor3nea-Calpe, 1921), as seguintes xoias:

- Os fisi3logos encontraron nos tecidos da muller, nos gl3bulos do seu sangue, no proceso evolutivo do seu cerebro, as probas de que est3n menos desenvolvidas que o home. E os psic3logos, analizando a s3a intelixencia e sensibilidade, compararon a muller cun home que tivese paix3ns de neno, e definir3na como un neno «unha esponxa educabel» [...].
- No problema feminino, como en calquera outro, o punto de partida non debe ser a igualdade, esta gloria pol3tica, pero tam3n este erro cient3fico da nosa 3poca. A lei que rexe o mundo non 3 a igualdade sen3n a desigualdade, o que non significa inferioridade nin opresi3n, sen3n diferenza e xerarqu3a. A muller non 3 igual ao home; non pola necesidade do dereito can3nico, que dic3a «Mulier non est facta ad imaginen Dei», nin pola a3nda m3is necia raz3n aducida por Proudhon, que afirmaba non pode haber entre muller e home outra sociedade que a que existe entre animais de distinta especie, sen3n porque, segundo Spencer, supo3ner que o esp3ritu e o entendemento do home e da muller poidan ser id3nticos, mentres o corpo ofrece tantas diferenzas entrambos e mentres 3 tan diferente a misi3n materna da paterna, 3 supo3ner que a funci3ns especiais non deben corresponder facultades especiais. 6

AMALIA PEREIRA

«Radicais libres: Experiencias gays elésbicas na arte peninsular» é unha mostra valente e oportuna, máis, se cabe, a tenor das últimas manifestacións e opinións celebradas e expresadas en contra da xa famosa Lei das unións homosexuais. Pero a exposición é verdadeiramente un gran proxecto de investigación. Comisariada por Xosé Manuel Buxán, propónse coma un recorrido, unha recapitulación, unha revisión histórica da arte de xénero dentro do contexto peninsular. Coma todo proxecto retrospectivo, bótanse en falta algunhas obras e algúns nomes claves, cousa que máis ben se produce polo receo dos coleccionistas privados e as institucións ao préstamo de fondos.

Superando pois estes atrancos, atopámonos unha ampla serie de pezas organizadas en catro apartados: iconas, sida, sex e praceres. As obras vístense coa bandeira da liberdade de expresión e a reivindi-

cación social, unha reivindicación doutra maneira de amar e sentir, malia que o excesivo peso da sexualidade no corpus da exposición desprace en demasía ao amor a favor do sexo. As obras toman pois dous camiños, o da denuncia e defensa desa sexualidade e o camiño da idealización estética da imaxe masculina que se dá nas obras máis clásicas de mostra.

Pese a ser un proxecto de vontade historicista conviven nel unha inxente cantidade de nomes contemporáneos, e algúns moi novos, coa perda de pegada que isto ten con respecto á relevancia destas experiencias. É imposible que un rapaz de vinte e poucos anos sexa relevante dentro da arte gai elésbica deste último século. Por outra banda, a presenza da artelésbica é escasa e anecdótica (salvo no caso das pezas de LSD, un exemplo de mensaxe transgresora e directa),



João Vilhena, *American Psycho*, (2003)
Foto: Lambda

unha proba de que as lesbianas seguen relegadas ou ocultadas nunha *segunda división* da homosexualidade. Quero crer que esta escaseza é froito da casualidade e non dunha intención por parte do equipo comisarial, por outra banda 100% masculino. Pero pese a tódolos seus defectos (quen non os ten?) e os atrancos e polémicas que poidan traer a claridade da mensaxe transmitida e algunhas imaxes de sexo explícito, esta é unha exposición necesaria, que revela as carencias dun colectivo, ao que, malia o que xa ten andado e conquistado, aínda lle queda bastante por loitar.

«Radicais libres: Experiencias gays elésbicas na arte peninsular»

(Santiago de Compostela, Auditorio de Galicia, 10 de maio – 10 de xullo de 2005)

o moito que queda por facer

A bonequiña de papá

Libros

DRECHSLER, Debbie: *La muñequita de papá*, Ediciones La Cúpula (Colección Novela Gráfica), 100 pp., b/n.

! PATRICIA ARIAS CHACHERO

En viñetas e en branco e negro, sen estridencias e con franca sinxeleza preséntanos a estadounidense Debbie Drechsler a estarrecedora, desagradábel (tristemente común) historia dunha infancia e adolescencia marcada polos abusos sexuais.

Nesta ocasión a protagonista é Lily Ann pero ben podería ser María, Cristina, Sabela, ou os tres nomes á vez, que ao fin tanto ten. Nas primeiras páxinas a nena, que nin tan sequera roza aínda a adolescencia, 11, 12, 13 anos, ou mesmo dous, de todo se pode ler nos xornais, échese de bolachas tras as visitas nocturnas do seu pai. Comer doces adquire unha nova dimensión para calquera lector ou lectora desta singular obra.

Deseguida a banda deseñada convértese nunha experiencia desagradábel pero necesaria, asistimos da man dunha muller á denuncia explícita e valente dun maltrato, dunha vida truncada, dunha infancia perdida... dunha situación inxusta e común ao mesmo tempo. O regusto amargo tras a primeira lectura marca o noso



ánimo como o sabor do seme de Arthur –o pai, o adulto– marca a vida da maior das súas tres fillas.

A través de inocentes imaxes a cabalo entre o deseño infantil e a estética *underground* o lector participa do sufrimento, da confusión, do desacougo e tamén da culpabilidade que a pequena Lil experimenta. Deixar unha porta aberta pode converterse nun erro terríbel, o cuarto de baño transfórmase en minutos na máis vexatoria das salas de tortura, iniciar unha relación no instituto vólvese un auténtico reto, por non falar das noites especialmente escuras deste relato.

Frases como «oxalá puidese converterme nunha árbore», «supoño que son tan mala como di o meu pai» ou «por millonésima vez desexei ter cancro e morrer» recollen

o sentir dunha persoa atorada e confusa que busca entre o suicidio e o amor, a solución a uns problemas cuxo dominio abertamente se lle escapa.

A autora presenta en apenas 89 páxinas unha abordaxe extremadamente directa do abuso sexual do que ela mesma foi vítima durante a súa infancia en Cleveland. A elaboración do libro foi, que dúbida cabe, un proceso doloroso. Co tempo o debuxo logrou converterse nunha arma efectiva e así nace esta novela gráfica coa que Debbie Drechsler logra sacudir e esbofetear as durmidas e tolerantes consciencias estadounidenses, unha sociedade onde con descaro o silencio se impón entre as palabras abusos sexuais, violación e infancia.

Evidentemente no mundo do cómic as cousas teñen mudado, atrás quedan xa as loiras e peitugas acompañantes dos superheroes (e tomemos como referencia a inesquecible Sigrid de *El Capitán Trueno*), abertamente superadas Catwoman e os estereotipos altamente *sexualizados*. Entramos hoxe

Boletín
de subscrición



andaina

Revista Galega de Pensamento Feminista



de cheo nas historias de mulleres de verdade, contadas e debuxadas por mulleres de verdade.

O traballo de Debbie Drehsler é unha boa mostra. O seu pequeno libro, unha lectura necesaria.

No mesmo bando militan a tamén estadounidense Dame Darcy, e as súas particulares historias, a peculiar Julie Doucet, cuxo personaxe máis coñecido se transforma con frecuencia nun home completamente falocéntrico para abordar o lado máis escuro do subconsciente feminino, ou a sen dúbida brillante Marjane Satrapi, autora dunha serie de bandas deseñadas de carácter autobiográfico nas que narra as súas experiencias e vivencias tras a caída do Sha de Persia.

Nome

Apelidos

Enderezo

Localidade Código Postal

Desexo subscribirme á Revista **Andaina**

a partir do nº

Prezo: *Tarifa normal* 15 € ano

Tarifa de apoio 16 € ano

Envío talón. Pago en efectivo

Transferencia bancaria á cta. de Andaina (Caixa Galicia CCC: 2091-0377-74-3040003301)

Domiciliación bancaria (cubrir os datos adxuntos e enviar a: Revista Andaina, apdo. 1058 de Santiago)

Data

Bco/Caixa Oficina

Localidade

Agradecerei-lles que a partir desta data atendan con cargo a miña conta Nº CCC:

Entidade Oficina

Dc Nº de conta

Os recibos presentados pola revista **Andaina**. Atentamente:

Nome

Apelidos

Sinatura do/a titular da conta:





 ZÈLIA GARCIA

Hai case 1.000 días afundia fronte as nosas costas o petroleiro *Prestige*, e a día de hoxe continuamos a ter presentes as súas consecuencias, as malas nos efectos económicos e ambientais, e as mellores nun movemento social vivo que é quen de producir sen medios, mais

coa forza da ilusión e a esperanza, o filme colectivo máis visto da historia de Galiza.

Como non podía ser doutro xeito estamos a falar de Hai que botalos, proxecto autoxestionado promovido pola Plataforma contra a Burla Negra e a Fraga Maldita,

comzposto por 24 curtametraxes de non máis de cinco minutos, para estimular o «boto» de cara ás históricas eleccións nas que Galiza se xogaba a oportunidade de respirar aires máis limpos e democráticos.

Esta película nacía coa finalidade clara de ser ferramenta de

Hai que botalos xorde das prácticas comunicativas que nacían co movemento Nunca Máis e que non pasan só pola conciencia: discursos, ideoloxía, propaganda, senon que son pura guerrilla comunicativa, contrainformando desde o centro de Galiza e loitando contra o silencio imposto.

denuncia, unha creación colectiva, e contou coa participación de artistas e creador@s galeg@s dos máis diversos ámbitos, desde as caras máis visibeis até aquelas persoas máis anónimas, mais que dun xeito ou outro forman parte da rede de acción cultural Arredemo (<http://www.arredemo.info>), impulsada pola Burla Negra para artellar e mobilizar o movemento cidadá que non quería esmorecer despois de dous anos de mobilizacións.

Resulta interesante este laboratorio cinematográfico polo emprego do audiovisual como materia prima da política, pola súa capacidade de mobilizar coa imaxe, cos símbolos, porque representa a cultura non oficial e que se nega a someterse, que resiste no noso país. Porque malia á invisibilización mediática son innumerábeis ás proxeccións realizadas e tamén a descarga do filme pola rede, compartindo e espallando a voz do país de Nunca Máis, o país do cambio.

A comunicación audiovisual é algo vivo cando produce cousas: proxecta imáxes no real, (como a curta «A dúas velas» que nos fala dese apagón ao lado de dous imensos muiños de enerxía eólica e narra a historia dunha despedida) sacude os corpos (asi sucedeu na estrea o 22 de maio no Teatro Principal, con cheo total, con música e un clima de cambio e alegría transmitida dunhas a outras), conmove até o entusiasmo (asi foi nas proxeccións expansivas, nas universidades, nas prazas das cidades e nas




vilas máis pequenas, onde cada curta era un sorriso distinto ou a carraxe amosada de xeito diferente), tenta á acción (as proxeccións, as campañas estimulando o «boto» por correo, os voceiros, as camisolas, había que moverse, moverse), estimula o pensamento (facer que cada vez que fora visionado o filme lembráramos, e reaxiramos), inflama a imaxinación (e a cantidade de cousas que podemos facer agora? A rede activouse: moito coidado).

Hai que botalos xorde das prácticas comunicativas que nacían co movemento Nunca Máis e que non pasan só pola conciencia: discursos, ideoloxía, propaganda, senon que son pura guerrilla comunicativa, contrainformando desde o centro de Galiza e loitando contra o silencio imposto.

Cada unha destas curtas narra desde cuestións coma a reconversión rural, a carreteaxe de votos, as mentiras do Prestige, a historia e cronoloxía dun presidente galego franquista e fascista, a emigración, a contaminación de Ence na ría de Pontevedra, a globalización neoli-

beral e a súa pegada na Galiza, pero todo con distintas voces, diferentes visións e perspectivas, desde a animación até a voz colectiva, con guións de senlleiras profesionais do audiovisual galego como Marga Ledo até os mozos e mozas do Cineclube de Compostela, con historias e mitos, mensaxes nunha botella para outra xente na procura de esperanza.

Con este produto audiovisual e político conseguimos o imposible «in Galiza», confiar nas propias posibilidades, somos quen de nomear ao noso adversario e batilo, podemos rachar co illamento, a desconfianza, o sectarismo, o minifundio. Recuperamos a nosa capacidade expresiva, a cooperación con outros e outras, as relacións humanas que son o contido vital de calquera esperanza. Camiñamos xuntos e xuntas ao ollar este filme porque así recuperamos a comunidade, por fin volvemos ser quen de construír o noso país. 

Corda de presas

Libros

GARCÍA, Jorge, e Fidel MARTÍNEZ:
Cuerda de presas, Bilbao,
Astiberri, 2005.

 NANINA SANTOS

Jorge García, guionista (Salamanca, 1975) e Fidel Martínez, debuxante (Sevilla, 1979), colaboran nesa historietas estremezadora que é *Cuerda de presas*, publicada moi recentemente pola editorial Astiberri.

Cóntanos en once historias –historietas– vidas de presas nos cárceres franquistas nos primeirísimos anos da após guerra.

Para a xente que cre que a historietas é un xénero menor, só capaz para o humor ou as cousas insignificantes, aquí ten un estupendo exemplo de outra cousa.

Distintos cárceres (Euskadi, Castilla, Alicante, Madrid, Mallorca, Barcelona, Yecla), traslados (de aí o título, *Corda de presas*, facendo alusión ao conxunto de penas que van atadas fóra dos presidios, tal e como o define o dicionario da lingua española da RAE, 2001), as monxas que gobernaban os presidios ou funcionarias afectas ao réxime humillando de continuo as presas sob a súa tutela absolutamente inmisericorde. Xuíces, médicos, falanxistas, gardas civís, forman parte do cadro no que elas, as presas, ocupan o centro destas his-



torietas que denuncian as atrocidades da represión.

O debuxo, expresionista, axuda a reconstruír a atmosfera opresiva, asfixiante e humillante na que estas *rojas* son (e foron) protagonistas.

Felipe Hernández Cava prologa o libro lembrándonos a necesidade da memoria para que non nos reescriban a historia, para que non nos revisen o sucedido a beneficio e conveniencia dos revisadores e para que non neguen o sucedido. Neste exercicio non esquece a importancia do patrimonio iconográfico non manipulábel.

Facer memoria dun pasado deliberadamente agachado e/ou trastocado, reparar os danos infrinxi-

dos ás vítimas (directas e indirectas) recoñecendo o horror, as atrocidades, as humillacións e, desde logo, pedindo perdón. É a esa luz como valora o espléndido traballo de García e Martínez.

Lémbraos como Franco no seu cuartel xeral de Burgos fala sen o menor rubor da necesidade de pór en pé «un horror saudábel» que se practica de xeito sistemático ao abeiro da Lei de Responsabilidades Políticas do 9 de febreiro do 1939, fusilando e deixando podreecer nos cárceres a milleiros de seres humanos que defenderon o réxime da segunda República legalmente constituída, ese mesmo Franco que di ao xornalista Manuel Aznar en 1938, avó do ex presidente José María Aznar, que é necesario sacar da circulación aos elementos danosos, pervertidos, envelenados política e moralmente, porque o seu reingreso na sociedade representaría un perigo de corrupción e un contaxio para todos.

E esa «profiláctica» vexación continuada de milleiros de mulleires entra no esquecemento: primeiro pola censura franquista; logo polo pacto de silencio aceptado

durante a transición; máis adiante, polo medo do goberno socialista a abrir a caixa dos troncos da memoria; e finalmente, polos anos de chumbo do partido popular, en que o revisionismo comeza a campar ás súas anchas a través de algúns supostos historiadores [...].

Os que tiñamos ido pouco a pouco descubrindo esa parte apagada do patrimonio da nosa memoria, a través de pequenos chanzos que empezaron a poñerse en circulación nos anos setenta (os libros de Juana Doña ou de Carlota O'Neill..., as declaracións de Carmen Chicharro ou María Francisca Dapena...) [...] non dabamos crédito as numerosas terxiversacións que os populares puñan en circulación [...].

De qué franquismo nos estaban falando os media, tan docificado que a momentos temía eu que lo-grasen modificar a miña mirada coa mesma eficacia coa que o estaban conseguindo cos legos na historia? Ese era o onte dos nosos pais e de tantos dos nosos amigos?

Jorge García e Fidel Martínez, aos que teño por dous dos mellores autores deste país, se tiñan em-



barcado en sacar adiante unha reflexión moral sobre os nosos ontos [...].

Neste portentoso libro, do mellor que deu xamais a historieta española, cada anaco e cada frase, cada silencio e cada mancha, xorden dos dominios dunha visibilidade que quere persistir na nosa retina mediante a sentida afectación e asunción dun tempo que non desapareceu impunemente e que eles, e eu como lector, quixeramos que fose un presente arrebatado aos ideólogos que onte, hoxe e mañá usárono como propaganda duns contra outros ou simplemente empurrárono ao territorio da fantasmagoría.


Pódese facer poesía após Auschwitz. E pódese facer poesía despois da nosa guerra civil e da nosa ditadura, cuxas feridas non se poden fechar con mentiras ou medias verdades. Precisamos un patrimonio iconográfico que non sexa facilmente intercambiábel e confundíbel, e que se sustente por si mesmo a contrapé do que os revisionistas nos queren dicir sobre aqueles tempos. Os nenos de Paracuellos, de Carlos Giménez, os apuntes sobre

a guerra do seu pai, de Miguel Gallardo ou as presas, de Jorge García e Fidel Martínez, por exemplo, son imaxes feitas a proba de esquecemento e de incredulidade. A linguaxe da historieta, endebén, non se paralisou diante dun horror que os que o viviron non se merecen que esquezamos.

Fermosas palabras para quen non queremos morrer sen que neste país se fale da guerra civil e das responsabilidades que fagan falta (que son moitas), se exhumen as fosas comúns, se limpen tantos muros de igrexas onde figuran os nomes dos falanxistas ou dos mortos no «bando gañador», se recoñeza que Franco e a súa camarilla deron un golpe de estado, que a xerarquía da igrexa católica colaborou activamente no seu trunfo e na mantenza posterior do rexime xurdido dese levantamento en armas, que miles de persoas foron asasinadas, que se inflixiron torturas a milleiros de persoas e humillacións públicas en nome da unidade de España, de Deus, da tradición, que se negaron a liberdade de creación, expresión, organización...; que se atou ás mulleres

a unha submisión e subalternidade matadoras e etc., etc.

Guste ou non guste, sucederon cousas terríbeis e non por metelas debaixo da alfombra ou nun caixón fechado deixaron de suceder. Tarde ou cedo hase facer á luz grazas a traballos diversos feitos desde ámbitos distintos, como o aquí comentado de Jorge García e Fidel Martínez, que paga moito a pena mercalo, lelo, discutilo e difundilo.

«Entre rejas», «Balada de Ventas», «El cuarto bajo la escalera», «La ciudad más lejana», «Montañas, nubes, cielo», «El traslado», «El duelo», «De pie», «Los límites de nuestra celda», «Fuegos», «Qué escribir», historietas que nos falan tamén de como en medio da indignidade pódese sobrevivir, establecer complicidades, afectos, sexo, tenrura ou como na fealdade existe ou pode medrar a beleza. 

Axenda

Puntos de venta

A Coruña

- Librería Couceiro.** Praza do Libro, 12
- Librería Xiada.** Avd. de Fisterra, 76-78
- Librería Lume.** Rúa Fernando Macías

Pontevedra

- Librería Michelena.**
Rúa Michelena, 22
- Librería Paz.** Peregrina, 29

Santiago

- Librería Couceiro**
República del Salvador, 9
- Librería Pedreira**
Rúa do Home Santo, 55
- Baba.** Área Central
- El Kiosko.** Praza de Galicia

Ourense

- Livraria Torga.** Rúa da Paz, 12

ALGÚNS ENDEREZOS E TELÉFONOS DE INTERESE

Lugo

Casa da Muller. Concellería da Muller
Avda. da Coruña, 212. Tel.: 982 206 336

Santiago

Servicio de Asesoramento das Mulleres Concellería da Muller
Horario: mañá de 10 a 13 / tarde dos luns, mércores e venres de 17 a 19 h.
Praza da Constitución s/n. Tel.: 981 571 461

Vigo

Alecrín
Centro de Documentación, biblioteca, hemeroteca
Horario: 10 a 1:30 / 4 a 8 h de luns a venres.
García Barbón, 30 - 5º. Oficina 8
Tel.: 986 439 459

Casa da Muller
(Centro Municipal de Asesoramento dos Dereitos da Muller)
Rúa Romil, 20. Tel.: 986 293 963

Pontevedra

Asesoría Xurídica Mulleribus
Asamblea de Mulleres de Pontevedra
Benito Corbal, 36-1º. Tel.: 986 865 028
Horario: Martes e Xoves de 19 a 21 h.
Xanela. Apartado 90. 36810 Redondela

S.G.I.

Servicio telefónico de asesoramento gratuito. Tel.: 900-400 273

PUBLICIDADE



AQUANOVA
Viajes

Benito Corbal, 16
986 850 086 (4 líneas). Pontevedra



Jorian
PELUQUEROS

C. Betanzos, nº. 15
Santiago de Compostela
Tel.: 981 563 677

A poeta Áurea Lorenzo Abeijón nace en Beneso, lugar pertencente á parroquia de San Sadurniño de Goiáns, o 28 de xullo de 1904.

A súa familia vivía do mar: o seu pai era patrón de pesca e a súa nai atadora de redes. Desde moi cedo Áurea e os seus irmaos vense na obriga de traballar para axudar á feble economía familiar.

Á idade de 18 anos Áurea Lorenzo emigra á Arxentina despois de estudar corte en Porto do Son. En Buenos Aires entra a traballar na casa dun médico, Carlos Sánchez Lloveras, co que máis tarde se unirá en matrimonio. Será el o que anime a Áurea a estudar e a adquirir cultura. A partir dese momento a poeta comezará a escribir e a dar aulas.

Despois de morto o seu home casa cun sobriño deste, Óscar Sánchez Lloveras, con quen voltará a Galiza no ano 1975.

Ao retornar á Arxentina monta na súa casa un colexio no que imparte aulas de inglés, de español e de piano. Continuou con esta actividade docente até os 89 anos. Até a súa morte mantivo vivo o desexo de voltar á Galiza. Áurea Lorenzo Abeijón publicou dous libros de poemas de forte temática intimista e costumbrista: *Queixas* (1943), en galego, e *Campanas del cielo* (1956), en español.

Áurea Lorenzo Abeijón